



Proxectan
instalar unha
tirolesa sobre
o río Sil



Páxina IV

ExpoLugo
Rural 2018, a
máis completa
mostra de
gando



Páxina VII

Expediente de
honra á Coral
de Ruada



Páxinas X

Viborg Cartoon
Award 2018



Páxina XII

10º Salón do
Automóbil
Novo



Páxinas XIV

Especial Riós
Festa da
Castaña e do
Cogumelo



Páxinas XIX a XXI



Nova rehabilitación no conxunto histórico de Lugo

Páxina III

Termatalia colabora
co Observatorio de
Turismo de Saúde,
Benestar e Spa



Páxina IX

Vázquez-Monxardín,
novo académico da
Real Academia
Galega



Páxina XVII


**VIÑA do
CAMPO**



www.bodegasdocampo.com


Ribeiro

Tlf. 988 470 258
Sampaio
Ribadavia
Ourense

Socialistas e nacionalistas levan ao Parlamento Europeo o peche de Alcoa

Gonzalo Caballero chama a converter o mantemento do emprego en Alcoa “nunha cuestión de interese nacional”

Socialistas e nacionalistas remitiron cadansúa pregunta á Comisión Europea sobre as medidas a adoptar para evitar o peche das factorías de Aldecoa na Coruña e Avilés, recentemente anunciado pola multinacional norteamericana e que afectará a case 700 postos de traballo directos. Ambas formacións coinciden en sinalar que as medidas anunciadas polo Executivo Europeo en 2016 amóranse insuficientes para solventar a situación.

Así, o eurodiputado socialista José Blanco demandou a adopción de novas medidas para atallar as causas que están de-

trás dos peches anunciados, así como unha estratexia de futuro para a política industrial europea. Blanco calificou a situación que atravesa o sector siderúrxico europeo como “máis ca preocupante”, pois ao anuncio de Alcoa súmanse tamén os peches das factorías de Caterpillar e Alstom. “É inaceptable que a industria perda peso en Europa cando un dos seus objetivos é o de elevar o peso industrial ata o 20% del PIB en 2020”, censurou.

Pola súa banda, a eurodiputada nacionalista Ana Miranda trasladoulle á Comisión Europea a súa preocupación pola perda dos postos de tra-

ballo. “Neste caso atopámonos cun dobre paradoxo”, denunciou, “o peche dunha empresa tras recibir unha gran cantidade de cartos públicos e o risco que supón para o industrial galego ter unhas facturas da luz das máis caras de Europa”. A continuación, engadiu: “E todo isto mentres os lobbys das grandes empresas eléctricas acadaron uns beneficios multimillonarios, 5.600 millóns o ano pasado”.

Miranda sinalou tamén que Galicia é dobremente prexudicada polos elevados custos da electricidade. Por un lado, con este caso da ameaza de peche por parte de Alcoa, que tamén



afecta a Asturias. E por outro, creando unha bolsa de pobreza enerxética entre as familias galegas. “O propio Eurostat afirma que o Estado Español, con Galicia á cabeza, ten a luz máis cara de Europa, cun 15% da poboación que non poden satisfacer as necesidades domésticas de acender a luz, lavarse con auga quente ou utilizar a calefacción”, apunta.

Cuestión de interese nacional

Tamén o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, se

manifestou contra o peche durante a masiva manifestación que tivo lugar días atrás na Coruña, e fixo un chamamento a converter o mantemento do emprego nunha “cuestión de interese nacional” e a facer “causa común” entre partidos, sindicatos e administracións.

Caballero reclamou a Alcoa “vontade” e “tempo”, para que non presente o ERE a fin de que “haxa un tempo” que permita “buscar todos os mecanismos posibles” de cara a garantir os postos de traballo.

Ferreiro salienta que “todos e todas as coruñesas serán traballadoras de Alcoa ata que o conflito estea solucionado”

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, participou na manifestación convocada polo cadro de persoal da planta de Alcoa na cidade e na que reafirmou o compromiso do Concello na defensa dos seus postos de traballo e contra o peche da fábrica. “A Coruña sempre demostrou que está coa súa xente e desde o día de hoxe ata que o conflito estea solucionado todos os coruñeses e coruñesas imos ser traballadores de Alcoa”, afirmou. O rexedor quixo transmitir ao persoal da planta que conta co respaldo do Goberno local e de toda a corporación, que aprobou onte unha declaración institucional unánime

neste sentido. “Toda a corporación municipal, toda a cidade, vai a estar unida, non vai haber faccións ou división, e nos comprometemos a pelexar xuntos cos traballadores e coas traballadoras ata que isto se solucione. O persoal non está só, ten toda unha cidade detrás ata que isto se solucione”, recalcou.

Ferreiro considerou que é preciso negociar esta actuación “unilateral da empresa” porque “non se pode permitir que unha decisión que se toma en algún lugar distante afecte deste xeito a tantos centos de familias en Avilés e na Coruña”. E mais, incidiu, cando “non está xustificada econo-



micamente, que é unilateral e inxusta, porque a planta de Alcoa ten viabilidade económica, produce con criterios de viabilidade recoñecidos no mercado global e cremos que ten

futuro”. Neste sentido, o rexedor afirmou que o primeiro paso preciso “é retirar o ERE de enriba da mesa porque non ten sentido abrir ningún proceso cun despedimento colec-

tivo plantexado”. “Despois, xunto co Goberno de España e xunto coa Xunta de Galicia hai que avaliar alternativas. Calquera alternativa que pase pola viabilidade da planta e dos postos de traballo é unha alternativa positiva”, concluíu. O alcalde sumouse ás 6.000 persoas que percorreron a distancia entre a praza

da Palloza e a Delegación do Goberno, onde o presidente do comité de empresa de Alcoa, Juan Carlos López Corbacho, reclamou o apoio das administracións e Ferreiro pechou o acto reafirmando o respaldo do Concello para crear unha fronte común contra o peche da empresa.

Nova rehabilitación no conxunto histórico de Lugo

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, dixo en Lugo que a Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico recibirá un novo pulo coa achega de máis de 322.000 euros, dos que 140.000 euros son fondos propios do departamento que dirixe e o resto do Estado. A conselleira de visita no barrio da Tinería, recordou que a Xunta reservou esta partida para Lugo, da convocatoria de fondos correspondentes ao actual exercicio para as áreas de rehabilitación integral.

Vázquez Mejuto salientou que as áreas de rehabilitación son unha peza fundamental na política de vivenda deseñada pola Xunta; tal e como demostran as 69 áreas de rehabilitación declaradas en 41 concellos de Galicia a día de hoxe, que se elevan a 107 concellos, si se suman as áreas dos Camiños de Santiago, é dicir, máis do 40% dos concellos galegos contan polo menos cunha área de rehabilitación.

No caso concreto de Lugo, o Goberno galego achegou máis de 2,60 millóns de euros para a ARI do Sagrado Corazón e para a ARI do Conxunto Histórico dende a declaración destas áreas. Unha liña de acción que permite recuperar e mellorar o xa construído, xerar un número de postos de traballo significativamente superior á nova construción de vivendas e reduce a presión urbanizadora sobre a contorna.

Destacou que o Consello da Xunta autorizou a sinatura dos convenios de colaboración que permitirán ao Goberno galego repartir case 18 millóns de euros para actuar en 54 áreas de rehabilitación de 35 concellos galegos e -así- sumar novas iniciativas e incrementar o parques de vivendas nas que se actuou que as-



Técnicos e autoridades no barrio da Tinería.

cende a máis de 12.000 desde a creación das áreas integrais, co fin de que as galegas e os galegos acaden as mellores condicións de vida nunhas vilas e cidades coidadas e humanizadas.

Recuperación da Tinería

A conselleira de Medio Ambiente visitou as obras da Tinería-15, que xa comezaron, e ás que se destina un orzamento de 700.000 euros, para dispor de 5 vivendas de promoción pública e un local en planta baixa. Esta actuación súmase ás iniciadas en setembro, na Tinería-30, Recanto do Miño-17 e Recanto do Miño-11-13; polo que no cómputo global estas suman un total de 1,20 millóns de euros que darán como resultado nove novas vivendas de promoción públicas e dous locais máis á disposición dos veciños.

A conselleira reiterou o esforzo do Goberno galego por mellorar o estado deste barrio tan emblemático de Lugo,

un compromiso que queda patente nos orzamentos en firme que a Xunta de Galicia ten comprometidos para a Tinería, máis de 26 millóns de euros para obter 96 vivendas, 25 locais e 2 edificios de oficinas, contabilizando actuacións acabadas e en execución.

Por último, destacou que outro elemento que potenciará esta liña de traballo será a futura Lei de Rehabilitación, un texto que se atopa en tramitación e co que se pretende mellorar e axilizar os procedementos e trámites necesarios. “O Goberno galego quere que a rehabilitación de vivendas resulte cada vez máis atractiva para os cidadáns e as medidas adoptadas nesta materia sexan máis eficaces”, defendeu, e explicou que actualmente existen dúas vías para levar adiante accións de rehabilitación: por medio de axudas aos propietarios de vivendas ou con actuacións de urbanización e reurbanización que leve a cabo o Concello.

Literatura de Tradición Oral

Inaugurouse a XI Xornada de Literatura de Tradición Oral, baixo o título “O rol da muller na literatura de tradición oral”. A Deputación colabora coa Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) cunha achega de 25.000 euros, para a organización de actividades literarias na provincia, entre as que destaca esta xornada que naceu no ano 2008. Seis investigadoras e creadoras revisaron desde unha perspectiva crítica o rol da muller nos diversos xéneros da literatura oral.

Unha montaña de oportunidades

O vicepresidente e deputado de Medio Ambiente, Argelio Fernández Queipo, inaugurou na Estación Científica do Courel, a xornada de agroecoloxía Unha montaña de oportunidades. Tratouse dun foro organizado pola USC en colaboración coa Deputación, no que participaron máis de 20 persoas, e a través do que se procura favorecer o debate e a reflexión desde a perspectiva da agroecoloxía no deseño de agroecosistemas con criterios ecolóxicos.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PORTUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo – Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho – **MADRID:** Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal – **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017

Sober rexenera camiños nas parroquias

O Concello de Sober realiza un importante plan de mellora de camiños con máis de 400.000 euros de investimento. As actuacións están financiadas con fondos propios municipais e coa colaboración doutras administracións e chegarán á práctica totalidade das parroquias. Finalizaron os traballos do Plan Marco de camiños 2017-2018 cunha inversión de 85.000 euros dos que a Consellería de Medio Rural aportou 70.000 euros e o Concello os 15.000 restantes. Este plan incluía o acondicionamento dos accesos desde Santa Marta (Barantes) por O Taro ata Suairexa en Figueiroá, o remate da estrada entre O Cadaval e Mourentán en Doade, a estrada que comunica Casar de Cima co Cruceiro en Lobios e o aglomerado da estrada dende Sistín do Mato a Canaval.

Acaba de saír a licitación o Plan Marco 2018-2019, dotado tamén con 85.000 euros de orzamento. Neste caso as actuacións inclúen a renovación do camiño que vai dende Villoriz (Bolmente) por O Taro e Camilo ata Arxemil en San Martiño de Anllo, a mellora da estrada dende Naz por Fondo de Vila ata a Lama dos Campos (Rosende) e o aglomerado dos accesos a Outeiro (Proendos) dende a estrada Sober-Doade e a estrada que



Camiños entre viñedos.

comunica Francos e Sansillao dende a estrada Sober-Arxiemil. Así mesmo, iniciáronse as obras de mellora da Travesía de Belan e da Rúa do Colexio que comunica a estrada Sober-Gundivós coa estrada Sober-Monforte. Estes traballos contan cun orzamento superior aos 80.000 euros e son financiados pola Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

Con algo máis de 50.000 euros de fondos propios municipais están acometéndose tamén traballos en O Campo, O Pacio, A Torre e Sante de Abaixo en Bulso e A Carboeira en Gundivós e van continuar en A Boca (San Martiño de Anllo), A Pena de Gundivós, Hortás en Anllo San Estevo, Sanmil en Santa Cruz de Brosmos, A Igrexa en Bolmente, Moreda en Vilaescura, A Lampaza en Doade. Tamén se renovará con aglomerado o camiño dende O Barrio a Suairexa en Figueiroá.

Accesos a viñedos

A Consellería do Medio Rural, ademais, vai sacar a licitación dentro do Plan de Infraestruturas Rurais os traballos de aglomerado da primeira fase da estrada que vai dende Vilanova en Gundivós ata O Ventorrillo en Neiras con 60.000 euros de presupuesto. Por último, a Deputación de Lugo ven de levar a cabo melloras de rexeneración por máis de 25.000 euros na estrada dende As Gandaras a Sampil en Pinol.

O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, puxo en valor todas estas actuacións “que teñen como obxectivo mellorar o día a día dos nosos veciños”. Destacou ademais que benefician “á práctica totalidade das parroquias”. O rexedor tamén avanzou que nos próximos días se van a acometer melloras en accesos a viñedos nas Ribeiras do río Sil e do Cabe con 25.000 euros de fondos propios.

Proxectan instalar unha tirolesa sobre o río Sil



Reunión no mirador do Duque, sobre o río Sil.

O mirador do Duque, no Concello de Monforte de Lemos, foi escenario dunha nova xuntanza de traballo entre o alcalde, José Tomé, o presidente da Deputación de Lugo, Darío Campos, a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega, e o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández. O obxectivo deste encontro era avanzar en novos proxectos que axuden á dinamización da Ribeira Sacra.

José Tomé destacou que “esta reunión é unha continuidade doutra que mantivemos en Castro Caldelas o pasado once de setembro. O que fixemos foi estudar a viabilidade de proxectos conxuntos entre as dúas Deputacións e os concellos de Monforte e Castro Caldelas, que sirvan para promocionar a Ribeira Sacra”.

Un destes proxectos é co-

nectar os miradoiros do Duque, en Monforte, co de Matacás, no Concello de Castro Caldelas, cunha tirolesa que sería a segunda máis longa de Europa logo da de Pena Aventura, en Vila Real (Portugal). O proxecto dos concellos de Monforte e Castro Caldelas, apoiado polas deputacións de Lugo e Ourense, sería moito menos custoso que o teleférico que se barallou no seu día (entre Pantón e Nogueira de Ramuín) e ademais apenas tería impacto visual sobre a zona na que sería instalada.

Os miradoiros do Duque e Matacás sitúanse á altura da ponte próxima ao embarcador do catamarán, que sinala a fronteira entre a Ribeira Sacra lucense e ourensá. Sobre esa zona discorrería a tirolesa, que tería mil metros de lonxitude para atravesar o río Sil.

Innovar para conquistar ao consumidor

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, subliñou en Monforte na presentación dos proxectos da terceira edición do espazo coworking da Ribeira Sacra a importancia de que

os novos emprendedores innoven para conquistar ao consumidor, ofrecendo un produto ou servizo alternativo que cubra un oco no mercado.

Nesta edición do espazo coworking da Ribeira Sacra,

impulsado pola Xunta a través do Igape e a Escola de Organización Industrial (EOI), participaron 25 emprendedores con 22 proxectos, centrados en ámbitos como o turismo, a agricultura ecolóxica, o deseño ou a hostalería.



Intervención do conselleiro monfortino.

Música no outono en Sober

O Concello de Sober iniciou, en colaboración coas Xuventudes Musicais, o ciclo “Música no Outono” cun concerto da mezzosoprano portuguesa Helena Ressurreição acompañada do pianista Marc Serra. A actuación vespertina foi no Centro Sociocultural da localidade e a entrada, de balde. A voz e o piano únense para un percorrido musical polo lied de finais do século XIX e principios do século XX, descubriendo tesouros que evidencian a riqueza do desenvolvemento deste xénero musical consagrado por Schubert. O espectáculo, que levou por nome “Lied a tres dimensiones” presentou o seguinte programa: Gustav Mahler (1860-1911) | Kintertotellieder (27’). Antonín Dvorák (1841-1904) | Cuatro canciones, B. 124, Op. 2. Xavier Montsalvatge (1912-2002) | Cinco canciones negras (12’).

Helena Ressurreição

Nacida en Portugal, rematou a súa formación académica no Conservatori Liceu con Marisa



Helena Ressurreição.

Roca e traballa actualmente con Nuno de Araújo Pereira. Recibiu masterclasses de Dolora Zajcik e Grace Bumbry, e clases de Francisco Lázaro e Maria João Matos. Interpretou o rol titular en “La Cenerentola” de G. Rossini e terceira dama en “Die Zauberflöte” de W. A. Mozart baixo a dirección artística de Teresa Benzanga e Francisco Araiza; Zia Principessa en “Suor Angelica” de G. Puccini, bruja en “Um sonho mágico” de Stela Lalova e madre en “Hänsel und Gretel” de E. Humperdink. Foi dirixida por Mireia Barrera, Filipe Veríssimo, Jorge Matta, Manel Valdivieso, Daniel Mestre

e Esteve Nabona. Actuou coa Orquesta Simfónica Victoria dos Ángeles, Orquesta de Cámara de Vic, Orquesta Sine Nomine e Orquesta XXI.

Recibiu o primeiro premio da modalidade de canto no 88º Concurso Permanente de Juventudes Musicales de España, e foi finalista no XIII Concurso Internacional de Música de Les Corts. Destacan os seus recitais no festival ‘LIFE Victoria’, no Jardí dels Tarongers ou no Teatro Gil Vicente. Formando dúo con Marc Serra, recibiu masterclasses de Sholto Kynoch, Manuel García Morante e Francisco Poyato.

Exposición en Sober de “Cultura que une”

A Oficina de Turismo do Concello de Sober inaugurou a primeira exposición “Cultura que Une: Ribeira Sacra – Douro” de fotografía, escultura, pintura e poesía na que participan doce artistas. Organiza a Fundación Vicente Risco e o Concello de Sober e estará aberta ata o 30 de novembro.

A mostra é o resultado de case dous anos de relación entre

autoras e autores da obra exposta, e máis concretamente dúas visitas a terras da Ribeira Sacra (Monforte de Lemos e Sober) e do Douro (Peso da Régua. Portugal). Expoñense obras de Alexandre Marinho, Antonio Cunha, Anxo Cabada Alvarez, Arancha Nogueira, Carlos Da Aira, Carmo Paulino, Isabel Babo, Iván Alvarez Merayo, Manuel Busto, Marília Lopes, Noelia Gómez e Xosé Luís Alonso.



Inauguración da mostra en Sober.

Monforte inaugura o centro de día Vida

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, participou en Monforte de Lemos na inauguración do centro de día Vida, unha iniciativa empresarial que supuxo a creación de cinco postos de traballo e que xurdiu da man de dúas mulleres emprendedoras que participaron con este proxecto no coworking que, nesta comarca lucense, apoia a Xunta coa colaboración da Escola de Organización Industrial (EOI).

Conde destacou as oportunidades para emprender no rural que nacen con programas como os espazos cowork-



Acto de inauguración do centro de día.

king. Nas tres edicións celebradas na provincia lucense –a través dos dous espazos, localizados nas comarcas da Ribeira Sacra e A Mariña– participaron 160 emprendedores con 124 proxectos, dos que un 60% xa iniciaron a

súa actividade como empresa. O conselleiro indicou que para o Goberno galego é unha prioridade poñer os máximos recursos ao alcance de quen quere iniciar unha idea de negocio, o que contribúe a revitalizar o rural galego.

0 leite na hostalería

O barista Óscar de Toro Santos impartiu na “Escola de Hostalería Belarmino Fernández Iglesias”, en Rosende (Sober) un obradoiro sobre o emprego do leite na hostalería. A sesión consistiu nunha charla teórica sobre os diferentes tipos de leite que existen no mercado hoxe en día e as súas propiedades e mos-

trou ao alumnado cómo empregar correctamente o leite na elaboración de cafés e en combinados especiais para hostalería a base de leite e iogures. O ponente Óscar de Toro Santos é un barista compostelano propietario do Venecia Café, en Santiago de Compostela, de recoñecido prestixio a nivel galego, nacional e internacional.



Óscar de Toro Santos.

A Confederación Hidrográfica estudará melloras para Monforte

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, e o presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, José Antonio Quiroga Díaz reuníronse en Ourense para analizar os asuntos que o Concello ten pendente de resolver co anterior equipo do Organismo de Conca. Na reunión, que durou case dúas horas, o mandatario local planteoulle ó presidente da Confederación Hidrográfica cinco cuestións de interese para o Concello.

A presa da Pinguela e o acondicionamento da zona da lagoa; a mellora ou ampliación da depuradora de Piñeira para mellorar a calidade da augas depuradas que volven ó río Cabe e teñan a calidade de depuración suficiente para non

contaminar o cauce fluvial. Tamén, o proxecto de mellora da rede de saneamento que está en proceso de redacción que corresponde ó convenio subscrito entre o Concello de Monforte, a Deputación de Lugo e a propia Confederación; para ver as posibilidades de estendelo a outras actuacións que sigan mellorando a rede de saneamento

Un asunto sensible que o alcalde quixo tratar especialmente, é o cambio de ubicación do aliviadoiro do colector da rúa Cardenal, que verte á altura do Parque dos Condes para cambiar a saída dos residuos cando se produce chuvias abundantes, de tal xeito que se cambie a ubicación dese aliviadoiro para un lugar posterior

á presa. Outro dos asuntos sobre o que alcalde ten moito interese e que se analizou na reunión, é o desbroce das marxes dos regatos que discorren polo casco urbano da cidade de Monforte, co obxecto de que se manteñan libres de maleza e cun ornato axeitado.

O presidente da Confederación Hidrográfica amosouse receptivo a estudar, en profundidade, os asuntos propostos polo alcalde, dado que o lucense José Antonio Quiroga é coñecedor da contorna da cidade de Monforte e comprometeuse a ir dando os pasos pertinentes para satisfacer as necesidades do municipio monfortino, tan pronto como sexa posible.

O presidente comprometeuse a facer unha visita oficial ó



José Antonio Quiroga Díaz e José Tomé Roca.

Concello para ver sobre o terreo as demandas plantexadas polo rexedor e ir dando solucións a aquelas cuestións que son máis prioritarias e que se poden resolver con maior celeridade, en función da tramitación administrativa e do financiamento que requira cada una delas. Acordaron dirixirse á Consellería de Medio Ambiente, que no seu momento, comprometera a súa participación no convenio xa asinado entre a Deputación,

a Confederación Hidrográfica e o Concello, por importe de 1.400.000 euros, no que finalmente este departamento da Xunta non participou.

O alcalde e o presidente da Confederación manifestaron o seu desexo de que agora a Consellería sí participe no convenio e aporte recursos para ir solucionando, coa colaboración de todos, a problemática medioambiental que se vén arrastrando dende hai tempo.

Estrenouse “La sombra de la ley” rodada en Lugo e Monforte

Lugo acolleu unha proxección especial da longametraxe “La sombra de la ley”, o novo “thriller” do monfortino Dani de la Torre, rodado en boa parte na cidade amurallada e en Monforte de Lemos, e que contou co apoio da Deputación e do Concello.

O presidente da institución provincial e da TIC, Darío Campos Conde, amosou a súa satisfacción “por colaborar con filmes que dan unha proxección nacional e internacional a Lugo”. Ademais afirmou que “para nós é un orgullo que tres lucenses do nivel de Dani de la Torre, Luís Tosar e Jorge Coira estean neste proxecto, e que sexa unha produtora galega, Vaca Films, capitaneada por unha muller, Emma Lustres, a que o faga posible”.



A película proxectouse no Círculo das Artes de Lugo.

Antes de asistir ao pase nos cines do centro comercial Abella, o presidente da Deputación participou no acto de presentación da película no Círculo das Artes, unha das localizacións da rodaxe, xunto

ao voceiro do goberno provincial, Álvaro Santos, a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez López, o director Dani de la Torre, a responsable de Vaca Films, Emma Lustres, e parte do equipo artístico.

Lourenzá celebrou a Festa da Faba

Celebrouse a Festa da Faba de Lourenzá, un produto de primeira categoría e que conta con Indicación Xeográfica Protexida (IXP). A faba de Lourenzá está considerada entre as de maior calidade de todas cantas se producen na Península Ibérica. Esta legume conta cunha peculiaridade que é a de absorber o sabor como ningunha, ademais, unha vez cociñada,

queda cremosa e suave como poucas. Son de gran tamaño, entre 19 e 26 mm., e cun peso entre 0,8 g. e 1,2 g. por unidade.

A semente, deste produto de primeira calidade, realízase entre os meses de maio e xuño, con semente certificada e a recolección realízase desde finais de agosto a finais de novembro, aínda que se poden atopar nos mercados durante todo o ano.



A festa xa alcanzou a XXVIII edición.

Artesáns galegas no ArteSanFroilán 2018

Celebrouse en Lugo, do tres ao catorce de outubro, a décimo nona mostra do ArteSanFroilán, que reuniu as creacións de 25 artesáns. A deputación financiou con 26.600 euros esta cita, co obxectivo de promocionar e impulsar o traballo dos artesáns galegos.

A deputada de Cultura, Pilar García Porto, destacou que “o ArteSanFroilán é xa un clásico das festas patronais da capital e actúa de escape de luxo artesanía da provincia, pois son miles as persoas que durante as festas visitaron a mostra nalgún momento”. Catro dos artesáns participaron por primeira vez. O resto xa o fixeran en anteriores edicións. Os postos ofreceron produtos de coite-



Artesáns participantes da edición de 2018.

lería, cerámica, madeira e marroquinería, entre outros.

Para a selección dos 25 artesáns puntuouse favorablemente a calidade e coherencia no uso de técnicas, tecnoloxías, materiais, cores e tódolos compoñentes do proceso de elaboración das pezas. Ademais valorouse a utilización de materias primas autóctonas;

pezas que permitan unha fácil interpretación e ligazón co territorio; ou a innovación tanto nos procesos e materiais empregados como no uso das tecnoloxías de información. Tamén se tivo en conta a antigüidade da Carta de Artesá e se o Obradoiro está inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

O Museo do Ferrocarril amplía instalacións en Monforte

OMuseo do Ferrocarril de Galicia (Muferga) amplía a súa oferta para os visitantes acondicionando as instalacións e incorporando novas actividades para atraer ao público. O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, presidente de Muferga, participou na reapertura da antiga nave de mecanizado, que foi recentemente remodelada coa intención de ampliar a superficie expositiva do museo. Balseiro subliñou a aposta da Xunta por este centro, “ao que lle sobran argumentos para seguir medrando en medios, oferta e proxección”.

Neste sentido, valorou positivamente a coincidencia de dous eventos que se celebraron nas instalacións durante esta ponte festiva do Pilar. Dunha banda, a terceira edición da



A antiga nave de mecanizado foi remodelada.

Feira de Modelismo Ferroviario, na que os afeccionados atoparon material a escala, obxectos de regalo e publicacións, novas e antigas. E doutra, a exposición de automóbiles clásicos, que incluíu modelos icónicos como o Chevrolet Corvette e varios Maserati, Jaguar ou Porsche.

A feira estivo organizada pola Asociación de Comer-

ciantes de Mercadillos Ferroviarios de Madrid, a exposición Auto-Tren Retro, Volven os 60 pola Asociación Amigos Terras do Incio. Balseiro subliñou que o Muferga “da testemuña dunha parte da nosa historia e debemos promover o seu enorme potencial para que sexa coñecido e visitado dende dentro e fóra de Galicia”.

ExpoLugo Rural 2018, a máis completa mostra de gando



Vista xeral da exposición gandeira edición 2018.

No Pazo de Feiras e Congresos de Lugo celebrouse a primeiros de outubro “ExpoLugo Rural”. A mostra foi a máis completa exposición gandeira de Galicia xa que nela participaron as principais razas autóctonas galegas, así coma outras de ámbito nacional, coa presenza das súas asociacións xestoras e de animais en vivo. Razas de bovino, caprino, equino, porcino e avícola, nun acercamento e revalorización do eido rural á cidade. O programa tamén incluíu unha mostra agroalimentaria de razas autóctonas e unha exposición de produtores de razas autóctonas con venda de produtos directamente do produtor ao consumidor.

Na feira participaron stands de empresas relacionadas co sector rural e gandeiro, no que destacaron as últimas innovacións e servizos nos sectores gandeiro e agrario que, na provincia de Lugo, supoñen unha parte esencial tanto a nivel económico como social, axudando a mellorar a súa competitividade, converténdose

así nunha boa oportunidade de negocio tanto para empresas e entidades como para os propios gandeiros.

Novidade

Ademais da zona expositiva agrogandeira, agroalimentaria e artesá, esta feira completouse con outras actividades sempre relacionadas co sector primario. Deste xeito, presentáronse produtos e novidades no sector en servizos como ferramentas, aplicacións e maquinaria. Tamén houbo charlas técnicas, celebración de asembleas e xuntanzas de socios, desfile do gando de razas autóctonas pola rúas de Lugo, concurso-exposición provincial da Galiña de Mos, concursos de Raza Porco Celta, de Xuíces de raza Rubia Galega, de gando de raza Rubia Galega, no que participan máis de 105 animais, así como e degustacións de produtos de raza autóctona.

Ruben López Fernández, xerente de Pazos e Congresos de Lugo, agradeceu a colaboración da Deputación e do Concello de Lugo na celebración desta nova edición.

“Adiante Ourense” cre necesario reducir salarios do Concello

Adiante Ourense anuncia que considera preciso reducir á metade a cantidade que os concelleiros ourensáns cobran das arcas municipais, á vez que acusa o alcalde, Jesús Vázquez, de gastar o ano pasado un 67% máis do previsto en persoal de confianza e un 20% máis do orzado en salarios de concelleiros e no persoal contratado por eles.

Segundo “Adiante Ourense”, Jesús Vázquez Abad cobra ao ano 9.000 euros menos que o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e que un ministro. O alcalde de Ourense cobra ao mes 4.602,25 e dous extras doutro tanto de salario bruto. Ao ano totaliza un salario de 64.431,50 euros. Á parte está a Seguridade Social do alcalde que tamén se abona con cargo ás arcas municipais e que incrementa considerablemente a cantidade citada.

A formación política xa anuncia que é preciso rebaixar a cifra de non menos de 900.000 euros ao ano que custan os salarios que se abonan a concelleiros, persoal de confianza e asignacións aos grupos políticos (167.400 euros ó ano). Se a esa cantidade engadísenlle as percepcións dos concelleiros sen dedicación por asistencia a órganos municipais (plenos e comisións), a cantidade final pasa o millón de euros e os catro millóns ao longo do mandato.

O grupo político que lidera Benito Iglesias cualifica estas

retribucións de “desproporcionadas e inxustas”, máxime tendo en conta os niveis de renda e pensións dos veciños desta cidade. “Cabe lembrar que, segundo os datos do IGE, máis do 20% dos fogares desta provincia ingresan menos de 1.500 euros ao mes”, sinala “Adiante Ourense”. Unha redución da metade do gasto permitiría, segundo os de Benito Iglesias, atender ao dobre de usuarios do Comedor Social e duplicar as axudas ás familias monoparentais e para a adquisición de libros de texto, aseguran.

ELECTOS CON DEDICACIÓN	Dedica.	Men	Nº Pagos	Año
JESÚS VÁZQUEZ ABAD	100%	4.602,25	14	64.431,50
Sofía Godoy Gómez-Franqueira	100% DC	3.278,05	14	45.892,70
José Araújo Fernández	100% DC	3.278,05	14	45.892,70
Belén Iglesias Cortes	100% DC	3.278,05	14	45.892,70
José Jesús Cudeiro Mazaira	100% DC	3.278,05	14	45.892,70
F. Carlos Campos Sanmartín	100% DC	3.278,05	14	45.892,70
Domingo Castro Sotelo	100%	2.390,70	14	33.469,80
Manuel Álvarez Fernández	100%	2.390,70	14	33.469,80
Carmen Rodríguez Dacosta	100%	2.390,70	14	33.469,80
Javier Rey Rey	50%	1.195,35	14	16.734,90
Martiño Xosé Vázquez Mato	50%	1.195,35	14	16.734,90
Leticia Piñeiro Prada	50%	1.195,35	14	16.734,90
Total Alcalde y Concelleiros		31.750,65		444.509,10

Asignacións a concelleiros segundo consta na web do Concello de Ourense.

Rematou o Festival Internacional de Teatro

Rematou a undécima edición do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) na que participaron catorce compañías que representaron quince espectáculos, no Teatro Principal e no Auditorio Municipal, durante once días. Participaron sete directoras e oito directores, ademais de vinte e cinco actrices e dezaseis actores. “O criterio da representación feminina para nós é moi importante, e é moi bonito ver

que o conseguimos”, explicaba Sabela Gago, directora do festival.

En canto á afluencia de público a directora destacou a “boísima acollida” das compañías Clara Sanchís (“Unha habitación propia”), Panadaria (“Elisa e Marcela”) e Matarile (“Os limóns, a neve e todo o demais”). “Decatámonos de que fomos en aumento, cada día había máis espectadores que nas obras anteriores”, puntualiza. “Os ourensáns saben moi ben

que é o que máis lles gusta, por iso cambia tanto o tipo de persoa que vai ver unhas pezas e outras”. “A pesar dos problemas que tivemos para organizar o FITO este ano pola nova lei de contratación, podo dicir que polo que nós mesmas vimos, este ano tivemos maior afluencia de público que na edición pasada”.

Na XI edición do FITO participaron compañías teatrais de España, Portugal, Arxentina, Israel e Chile.

Incerteza sobre a subvención para rehabilitar a Praza de Abastos



Miguel Doval e Montserrat Valencia con Emilio González.

O grupo municipal Ourense en Común, mantivo o primeiro encontro oficial co novo responsable provincial do Goberno do Estado, e trasladarlle algunhas cuestións da cidade que dependen directamente de diferentes ministerios do Goberno central.

Miguel Doval e Montserrat Valencia, edís do grupo, trasladáronlle a Emilio González Afonso a súa preocupación pola prórroga da subvención do Ministerio de Fomento para a rehabilitación da Praza de Abastos, concedida en 2015, pero aínda sen contratar nin executar, e sobre a que o subdelegado, tras a súa incorporación ao posto, non dispón de documentación. “A subvención continúa rodeada

de incertezas”, asegura Miguel Doval ao remate da reunión.

As concelleiras de Ourense en Común plantexáronlle tamén ao subdelegado peticións referidas á integración da alta velocidade na cidade, defendendo que as obras da variante exterior se liciten antes de acondicionar o actual corredor como solución provisional, xa que “perpetuará a brecha que divide o casco urbano”.

O grupo tamén se interesou polas obras de reforma no Museo Arqueolóxico, a circunvalación Norte, e a protección do río Barbaña, confirmando o subdelegado o seu compromiso para poñer en marcha unha comisión de vixilancia do río e nos próximos anos chegar a erradicar os vertidos e sanealo.

Seguimos ofrecéndolles información interesante na nosa WEB

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítenos

EIXOATLÁNTICO
JORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARCIÁ

A Once presentou a carta-menú en braille

No restaurante Ágape do Liceo celebrouse a rolda de prensa para presentar a carta en braille que a Once elaborou para este establecemento. Trátase da primeira carta-menú en braille que ofrece actualmente un restaurante ourensán.

Ademais do xerente do establecemento José Gómez Pérez, estivo presente Manuel Martínez Pan, delegado da Once en Galicia. Gómez Pérez puxo de manifesto a importancia deste acto, dado que co mesmo quedaba constancia do reto asumido por este restaurante en canto a ampliar o seu nivel de prestacións e oferta, redundando en beneficio da calidade daquelas, ofrecendo un servizo de calidade a calquera cliente cego ou con discapacidade visual grave. Agradeceu a colaboración recibida por parte da delegación territorial en Galicia da Once, non só coa elaboración da carta-menú en braille, senón pola sesión de asesoramento para



Degustación de alimentos a cegas explicada polo camareiro.

o persoal de sala que impartiu a técnica en rehabilitación desta organización.

Martínez Pan destacou esta iniciativa por parte do restaurante Ágape e que facilita a integración aos servizos de restauración ofrecidos a toda a poboación afectada, así como a calidade dos mesmos. Tamén comentou que a propia web do restaurante estaba adaptada para os invidentes. “Con esta acción ofrecerase un trato preferente a estes clientes, que sen dúbida se atoparán máis cómodos e aos que se lles está dando unha mensaxe positiva”, engadiu

Manuel Martínez salientando ademais as características espaciais do restaurante en canto a insonorización, tipo de iluminación ou mesmo a propia mantelería.

Igualmente fixo referencia ás actuacións que a Once leva a cabo para conseguir unha sociedade máis inclusiva, avanzada e moderna e que se vaian erradicando determinadas barreiras, sendo necesario cumprir coa propia Lei de Accesibilidade que pronto cumprirá un ano desde que se implantou, pero que aínda queda moito por facer.

Termatalia colabora co Observatorio de Turismo de Saúde, Benestar e Spa



László Puczkó con Emma González.

Termatalia, Feira Internacional do Turismo Termal, Saúde e Benestar, colaborou un ano máis na edición do International Wellness, Spa & Travel Monitor (IWSTM), Estudo Internacional sobre os sectores wellness, spa e viaxes de saúde. O IWSTM é xa nunha referencia internacional para os profesionais do turismo de saúde xa que proporciona información da industria de gran utilidade para investidores, operadores, planificadores, responsables da elaboración de políticas e analistas.

Trátase dunha enquisa elaborada polo Observatorio de Turismo de Saúde e Benestar (TOHWS) en cooperación coa consultora europea Resources for Leisure Assets (RLA) que contou co apoio dos seus partners estratéxicos de varios países e entre os que destaca Termatalia para o mercado de fala hispana. De feito, foi durante a celebración da última edición da feira en Brasil, cando un dos directores deste estudo, László Puczkó, fixolle entrega do estudo á directora de Relacións Internacionais de Termatalia, Emma González.

Democracia Ourensana denuncia que desaparecerá o xardín da rúa Bispo Carrascosa

A zona axardinada que conta con dúas partes que ocupan unha superficie total 160 m2 desaparecerá, o que supón a perda do 15% do total da superficie axardinada do interior do Centro histórico. Elimínase este espazo axardinado para que no seu lugar sitúese un peirao de carga e descarga para dar servizo ao Museo Provincial.

O goberno de Jesús Vázquez en Xunta de Goberno do pasado 18 de setembro aprobaba a licenza para o proxecto básico de execución e de rehabilita-

ción do Museo Arqueolóxico Provincial, dando así luz verde á desaparición deste espazo, facendo caso omiso ao informe que o Xefe do Servizo de Medio Ambiente no que manifestaba a súa non conformidade coa eliminación deste espazo axardinado.

Democracia Ourensana lamenta “que leve a cabo este desaguizado que mesmo segundo afirmase no informe apártase das últimas sentenzas do Tribunal supremo nas que este órgano vén sinalar que “cando se trata de facer desa-

parecer en todo ou en parte unha zona verde non basta con explicar por qué se situará tal edificación (neste caso o peirao) na zona axardinada, senón que han de expresarse as razóns polas que non pode ser construído noutros terreos para cumprir substancialmente esa mesma finalidade.”

“Cremos –sostén DO– que non están suficientemente acreditadas estas razóns. Sendo conscientes que o peirao facilitaría ese labor, o noso grupo considera que non é tal o volume nin as necesidades de



Actual xardín na rúa Bispo Carrascosa.

carga e descarga do Museo Arqueolóxico, que xustifique que se haxa de construír un peirao e para iso cargarse un dos escasísimos espazos verdes do

Centro histórico. Cremos que han de considerarse outras alternativas antes que ésta tan drástica”, asevera.

Expediente de honra á Coral de Ruada polo seu labor en prestixio da música galega

O expediente de honra incoado polo Concello de Ourense a prol da Coral de Ruada inicia o período de información pública. Desde o 11 de outubro, ate o día 9 de novembro, todas as persoas e entidades que o desexen podarán participar no expediente, adherirse a el, achegar a documentación xustificativa dos méritos que estimen oportunos ou efectuar as propostas ou informacións que procedan para a xustificación dos merecementos da coral ourensá.

O Concello de Ourense, en sesión plenaria do día 8 de xuño de 2018, acordou, por unanimidade, aprobar a incoación de expediente de honra a favor de Coral De Ruada como

recoñecemento ao labor levado a cabo ao longo dos 100 anos de existencia en prestixio da música galega e das tradicións, nomeando xuíza instrutora para as dilixencias á concelleira de Cultura, Belén Iglesias.

Segundo se pon de manifesto no expediente, o día 5 de outubro cumpriuse o centenario da fundación da Coral de Ruada, e o próximo 24 de xuño de 2019 cumpriranse cen anos da súa presentación ao público. Baixo a batuta do primeiro director, Daniel González, despois dunha longa tempada de reunións e ensaios dun grupo de amigos amantes da música, trataron e conseguiron crear unha masa coral propia adicada a música galega, capitaneados polo galeguista



Actuación de Coral de Ruada no Parlamento de Galicia.

e creador literario Xavier Prado "Lameiro".

Desde os seus primeiros anos de vida acadaron éxito tras éxito en todo o país e América, recibindo numerosos e prestixiosos recoñecementos

públicos e distincións, entre as que destaca a Garabata da Bandeira e a praca de ouro do Centro Galego de Bos Aires, a bandeira do Concello de Ourense, a Medalla de Ouro do Liceo Ourensán, a Medalla de

Ouro da cidade de Ourense, entre outras, ademais de ter gravado nos seus discos e interpretado en auditorios de todo o mundo as cancións máis fermosas e populares da nosa música.

O Concello de Ambía ignora as queixas da veciñanza sobre a velutina, asegura o PSdeG

Os socialistas do Concello de Xunqueira de Ambía están a atender as queixas dos veciños e veciñas, ante a invasión que, desde fai meses, se estende descontroladamente polo municipio por culpa da vergoñenta pasividade do goberno local do PP e dos responsables da Consellería de Medio Rural. Unha absoluta deixadez de funcións que motivou que sexa a propia veciñanza a que retire as grandes colmeas desta especie invasora, poñendo en risco a súa saúde, no lugar de encargar este traballo a técnicos especializados.

En numerosas ocasións manifestáronlle ó secretario da Agrupación Socialista de Xunqueira de Ambía, Francisco Quintas, que son os propios veciños e veciñas os que, arriscando a súa integridade, vense na obriga de retirar as colmeas



Colmea de velutina en Xunqueira de Ambía.

coas súas mans sen dispor dos medios materiais e de seguridade adecuados. O malestar da veciñanza é crecente, pois ven angustiados como desde o Concello se lles remite, como única solución a un problema desta gravidade, ó servizo telefónico do 012, escudándose en que non teñen medios para combater a praga da velutina.

Desde a Agrupación Socialista

manifestan que "na loita contra a vespa asiática debe implicarse tamén o ente local, pois non se pode permitir que esta especie se converta nunha ameaza para a poboación, xa que cada vez está colonizando entornos máis próximos ás vivendas, co conseguinte risco para a súa integridade física". Os socialistas consideran que, independentemente das actuacións da Con-

sellería do Medio Rural, o Concello de Xunqueira de Ambía debe dotar ó seu persoal cos equipos necesarios para a retirada das colmeas desta especie invasora ou ben contratar os servizos de empresas especializadas, para o cal deba ter suficiente dotación orzamentaria.

O secretario do PSdeG-PSOE deste municipio ourensán, Francisco Quintas, asegura que

"unha vez máis o alcalde popular, o señor Gavilanes, demostra o seu nulo interese polas preocupacións veciñais, mantendo ó noso Concello nun permanente estado de abandono e desleixo, con servizos cada vez máis precarios e escasas posibilidades de supervivencia ante o reto do despoboamento rural que estamos a sufrir".

GASOLEOS TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

Xunqueira de Espadanedo terá arquivo municipal

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, acompañada do alcalde de Xunqueira de Espadanedo, Carlos Gómez, comprobou as actuacións que se están a executar ao abeiro de dúas axudas da Consellería de Cultura e Turismo, por un importe total de 26.000 euros destinadas á creación e posta en servizo do arquivo municipal.

A maior parte do investimento destínase ao acondicionamento dun local das dependencias do Concello de Xunqueira de Espadanedo, emprazadas no mosteiro de Santa María, para acoller o arquivo municipal, con cargo ás subvencións concedidas este ano

a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, e agrupacións de concellos, para o equipamento e a mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais. Os traballos que se están a executar consisten en labores de eliminación de humidades, instalación eléctrica e melloras no illamento térmico, así como equipamento de mobiliario e tecnolóxico que permita o funcionamento do arquivo.

Cultura e Turismo tamén concedeulle ao Concello de Xunqueira de Espadanedo outra axuda, cifrada en 6.000 euros, para a contratación dunha persoa cualificada para a realiza-

ción das funcións propias de xestión do arquivo, é dicir, a organización, colocación e descripción dos seus fondos documentais.

Marisol Díaz indicou que esta colaboración institucional permite garantir unhas infraestruturas de carácter sociocultural en condicións óptimas ao servizo da cidadanía e, de forma xeral, asegurar o acceso á cultura en igualdade de condicións de todos os galegos e que estas actuacións respondan ás demandas sociais da poboación.

Outros concellos

Este ano, ao abeiro desta liña de subvencións, na provincia de Ourense beneficiáronse 11 concellos e unha



Esta dependencia acollerá o arquivo municipal.

mancomunidade por un importe de 83.000 euros. Os beneficiarios son: Bande, Baños de Molgas, O Barco de Valdeorras, Parada de Sil, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Quintela de Leirado, Ramirás, Verín, Xinzo de Limia, Xunqueira de Espadanedo e a Mancomunidade Terra de Ce-

lanova. Entre as actuacións apoiadas por estas axudas figuran desde iniciativas de mellora da accesibilidade e seguridade a acondicionamento acústico dos locais, equipamento de mobiliario ou financiamento de equipos de iluminación.

Ribeiro en Común reclama investimentos para Ribadavia

O voceiro de Ribeiro en Común ven de trasladar ao grupo de En Marea no Parlamento de Galicia novas reclamacións de investimentos para Ribadavia co obxectivo de que sexan incluídos nos Orzamentos 2019 da Xunta de Galicia. Despois de que o Pleno de Ribadavia aprobara as mocións de Ribeiro en Común relativas a investimentos para Ribadavia, e de que o goberno municipal non conseguira ningunha das melloras de infraestruturas e servizos públicos aprobados no Pleno a proposta de Ribeiro en Común, este grupo municipal continúa reclamando novos servizos e investimentos imprescindibles para Ribadavia.

“Son moitas as necesidades, pero priorizamos as que poden ser unha realidade a moi curto prazo se hai vontade política, e centramos a atención en dúas áreas imprescindibles para os nosos veciños e veciñas” sinala Ribeiro en Común. “Por unha banda a necesidade imperiosa

que existe en Ribadavia de ter un posto de traballo no propio municipio coa nosa demanda de liberar solo industrial no Polígono, e por outro, a mellora nos servizos sociais ofertados en Ribadavia coa nosa proposta de creación dun Centro de Día”, concretan.

Polígono industrial

“Unha vila e un municipio só terá vida e futuro se existe traballo para os seus veciños e veciñas. Ribeiro en Común levamos toda a lexislatura reclamando a necesidade que ten Ribadavia de dispor de solo industrial no parque empresarial que se atopa na actualidade bloqueado e sen oferta de solo. É dicir, no posible caso de que veña unha empresa a interesarse polo noso polígono para crear postos de traballo en Ribadavia, a dura realidade é que non poderán facer xa que desde o Concello non son capaces de conseguir solo industrial”.

Recorda Ribeiro en Común que “xa é coñecido o caso dal-



Voceiros de Ribeiro en Común e de En Marea.

gunha empresa que demanda ampliar as súas instalacións e crear postos de traballo novos en Ribadavia é non poder por culpa desta situación. Recordamos que a situación actual de desemprego en Ribadavia é alarmante”.

Centro de Día

Ribeiro en Común reclama un Centro de Día en Ribadavia e faino concretando un lugar axeitado e idóneo que conxuga o aproveitamento dun edificio público, da Xunta, xa existente coa posibilidade de realizalo nun curto prazo de tempo polo

seu baixo custe. Esta proposta xa foi aprobada polo Pleno, a pesar da negativa do goberno local de Ribadavia. E por isto agora Ribeiro en Común trasládalo ao Parlamento para que sexa incluído nos Orzamentos 2019 da Xunta de Galicia.

Existen máis demandas pendentes con Ribadavia, pero Ribeiro en Común entende que resulta imprescindible comezar por estas dúas áreas: traballo e servizos sociais, por ser aspectos fundamentais nas vidas dos veciños e veciñas de Ribadavia.

A Coral de Ruada premia a Lume na Palleira

O xurado nomeado pola Coral de Ruada acordou, por unanimidade, outorgar o premio Xabier Prado “Lameiro” na súa novena edición ao programa Lume na Palleira da Radio Galega. Consideraron que dalgún xeito o programa Lume na Palleira vincula a todas as formacións de música tradicional e popular e difunde o seu traballo e compromiso, o fai con sensibilidade no trato e cunha importante difusión que trascende á radio e a Galicia, ademais de através das ondas, a través de internet en todo o mundo.

O acto de entrega do premio terá lugar o mércores, día 14 de novembro de 2018, a partir das 20,00 horas, no Teatro Principal de Ourense.

Humor

Viborg Cartoon Award 2018

Por Francisco Puñal Suárez

O Viborg Cartoon Award 2018, realizado en Dinamarca, xa ten vencedores nesta nova edición, que recibiu máis de 1200 debuxos de 80 países, co tema da Intelixencia Artificial.

Os mellores caricaturistas compiten neste evento, que xa ten unha tradición na cidade dinamarquesa de Viborg, e que nesta ocasión galardoou unha obra do artista belga Constantin Sunnerberg, de 48 anos, co máximo recoñecemento.


O segundo lugar foi para o iraníano Shahrokh Heidari, de 40 anos, quen en 2012 escapouse de Irán e hoxe traballa como refuxiado político en París, Francia.

O caricaturista brasileiro Cau An-

tonio Gomes, de 47 anos, gañou o terceiro lugar. Cau traballa para diversos medios e gañou varios premios en competicións internacionais en Brasil, España, Turquía, Grecia, Italia, Portugal, China entre outros países.

"Sempre é difícil elixir un gañador, cando tes 60 debuxos finalistas nunha competencia apretada. As tres obras gañadoras provocan que o espectador pense e exercite a súa mente. Os tres vencedores que eliximos, gañaron porque, ao noso modo de ver, tocaron o tema á perfección e expresan ideas que permanecen" -di o presidente do xurado, Lars Refn.

O municipio de Viborg continúa a competencia internacional anteriormente coñecida como "Niels Bugge Cartoon Award" despois da quebra do hotel Niels Bugges Inn na primavera de 2018.



Primeiro Premio - Constantin Sunnerberg, Bélxica




Segundo Premio - Shahrokh Heidari, Irán.



Terceiro Premio - Cau Gomez, Brasil



Andrei Popov - Rusia



Pepe Sanmartín - Perú



Alexsandr Kostenko - Ucrania




Ángel Boligán - México



Elena Ospina - Colombia




Marco de Angelis - Italia




Vasco Gargalo - Portugal

Humor

MARTIRENA



LUIS MAC-BEATH



FUCO PRADO



Galicia

Redacción OURENSE

O público coñeceu as novidades no mercado do automóbil

O 10º Salón do Automóvil Novo foi unha celebración boa para todos. Para o público, porque tivo a oportunidade de mercar un coche novo coas mellores condicións de prezo, financiamento e servizos post-venda e para os concesionarios da provincia, porque este salón supón “un valor seguro á hora pechar as vendas anuais xa que supón un gran pulo no tramo final do ano”, tal e como indican den A.C.A.U.T.O.

A Expourense achegáronse ó redor de 7.350 visitantes para coñecer a ampla oferta que estivo composta por 300 vehículos de máis de 22 marcas de totaldas gamas, modelos e prezos. As 16 empresas participantes fixeron unha forte aposta neste salón ampliando as opcións de selección á hora de elixir un coche, xa que a meirande parte deles ofreceron importantes descontos especiais de feira que superaban en moitas ocasión o 30% do



Vista xeral do salón, en Expourense

prezo de venda no concesionario.

Unha vez máis quedou demostrada a afición da poboación ourensá por todos os eventos relacionados co mundo do motor. “O cliente ourensán é moi esixente e chega coas ideas moi claras”, explican dende a asociación de concesionarios. A boa acollida deste salón radica tamén en que a

oferta está moi estudada por parte dos expositores que ofrecen os modelos máis demandados.

Esta cita conseguiu satisfacer as expectativas dos expositores e, segundo afirman dende A.C.A.U.T.O., “polo momento parece que se superan lixeiramente os datos da última edición”. Os datos finais de vehículos vendidos darase o

vindeiro domingo na clausura do Salón do Vehículo de Ocasión, xa que “ao longo desta semana, moitas das visitas que viñeron a Expourense e non se decidiron no momento, pecharán a compra nestes días”.

O feito de poder atopar no mesmo espazo toda a oferta en vehículos da provincia e o sorteo dun desconto de 6.000 euros (que supón o desconto

máis grande realizado en feiras deste tipo en Galicia) entre os que mercaran aquí o seu coche contribuíu a acelerar o proceso de decisión dunha compra que require dun importante desembolso económico.

Cun amplo abano de prezos entre os 9.490 e os 230.000 euros, este salón ofrecía modelos de coches para todas as necesidades. Preguntándolle aos expositores cal foi o modelo máis vendido no salón non pode sacarse unha conclusión clara, xa que se venderon modelos de todas as gamas, se ben parece que destacan os denominados “Crossover” ou SUV e aqueles que ofrecen máis eficiencia e menor consumo.

Repetiu presenza neste salón o Road Show de Mazda que permitía probar todas as novidades da marca acompañados dunha ducia de monitores da marca chegados dende distintas partes de España.

Son de Trives e Son de Manzaneda preparan as eleccións municipais

Son de Trives e Son de Manzaneda sumaron as súas pingas ao mar para que medre a marea nos concellos e nas deputacións no 2019. Son de Trives e Son de Manzaneda seguen así o camiño tomado xa pola Marea Veciñal de Culleredo, Marea Pontevedra, Somos En Marea Sanxenxo, Somos Cambados, Marea Ponte Caldelas, Lugonovo, Asamblea Cidadá de Bueu, Somos Cabanas e Xente de Rois, nun acordo no que son as propias mareas municipais as que deciden adherirse.

Mediante este acordo de

colaboración, En Marea ofrecerá cobertura, visibilidade e apoio ás mareas locais repetando sempre a súa independencia e as súas decisións. “A única alternativa que as candidaturas municipalistas temos para manter a nosa independencia local e recursos propios dos partidos, é En Marea”, precisou Jorge Vázquez, concelleiro de Son de Trives, que engadiu que “o feito de estar alonxados do modo de funcionamento dos partidos clásicos, danos a garantía e a independencia de facer as políticas máis cercanas ás poboacións que aspiramos a go-

bernar, sen imposicións diktadas polas cúpulas”.

Pola súa banda, Félix Domínguez, alcalde de Manzaneda, subliñou que neste tempo “fixemos unha aposta decidida polos servizos sociais, sendo dos concellos que máis investimos en políticas sociais, pondo as necesidades das persoas no centro das políticas”. E concluiu afirmando que “a Xunta fomenta cada vez máis a privatización de servizos, mentres que nós promovemos a xestión directa: así fixemos co comedor escolar, coa residencia de maiores...”.

Luís Villares, voceiro de En



Marea, pechou o acto incidindo na sobeanía de En Marea como organización política, sen inxerencias, e onde son as bases as que teñen sempre a última palabra. “Celebramos hoxe a república do mar, porque este acordo baséase nos principios republicanos de igualdade, fraternidade e li-

berdade e mediante o cal daremos cobertura e apoio ás mareas locais para devolver as políticas á xente do común no 2019”, porque se algún valor caracteriza a En Marea é a súa horizontalidade, “a nosa forma de facer, de abaixo a arriba, e que nos diferencia do resto dos partidos.

En Marea denuncia o escaso investimento que a Xunta dedica a Ourense

En Marea critica o escaso investimento que, un ano máis, a Xunta de Galicia destinará á provincia de Ourense. A deputada Ánxeles Cuña denuncia xunto ao voceiro de Ourense en Común, Martiño Vázquez, a nula atención que os orzamentos do goberno de Feijóo prestan ás necesidades dunha provincia caracterizada polo dispersión xeográfica e o elevado grao de avellentamento da súa poboación. E insta á administración autonómica a optar por unha discriminación positiva que permita reverter a discriminación á que ven sendo sometida a provincia.

Para En Marea resulta evidente que os orzamentos da Xunta deberán caracterizarse por unha maior atención á cobertura de servizos, sobre todo en áreas como a educación e o ensino. "As necesidades son maiores, pero o que se fai dende o PP non é para nada ter en conta esa necesaria discriminación positiva", indica Cuña.

A última da fila

"Tendo en conta o enorme impacto social que tivo a crise

nas clases máis desfavorecidas, toda a poboación en risco de exclusión ou en situación de pobreza enerxética, así como a enorme cantidade xente que chega con dificultades a fin de mes; parece evidente que os orzamentos deberán priorizar estas cuestións, pero non é así", lamenta a deputada de En Marea, que lembra que "o 70% da poboación de Ourense vive no 17,6% do territorio. Isto supón que o outro 30% se atopa disperso. Sen embargo, a Xunta non resolve problemas de transporte ou servizos, básicos para atender esa realidade e contribuír a fixar poboación".

Para a deputada os orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano non son senón a constatación de que "Ourense continúa sendo a última da fila", pois é a que menos recibe tanto das distintas consellerías do goberno galego como das axencias dependentes del.

"Ourense é a última con respecto á Axencia Forestal. A pesar de que estamos nunha provincia que arde, é a que conta con menos orzamento, e cunha diferenza ben grande

respecto ás demais provincias. Tamén é a última en desenvolvemento rural, así como no que respecta á Axencia de Industrias Culturais", explica a deputada de En Marea, que tamén criticou as repercusións negativas que o redeseño das áreas de Cultura e Turismo terá para o tecido cultural, "que nos últimos anos xa viviu un recorte de máis de 65%".

"Con respecto ás consellerías, Ourense sitúase á cola no que atinxe a Sanidade, SERGAS, Educación, Economía e Industria e Territorio e Vivenda. Curiosamente, o Goberno galego si lle dá a mesma consideración que ás demais provincias no orzamento correspondente á Consellería do Mar".

Para Ánxeles Cuña resulta incomprensible que o Partido Popular non teña en conta que se trata "da provincia na que temos as pensións máis baixas do Estado, os salarios máis baixos e as mulleres máis castigadas debido á tremenda fenda de xénero existente. Temos altísimos niveis de dependencia e pouquísimas coberturas", explica a deputada de En Marea, quen lamenta



Ánxeles Cuña e Martiño Vázquez, de Ourense en Común, en rolda de prensa.

que a pesar de todo isto Ourense sexa a terceira provincia no que respecta ao gasto previsto en Política Social.

Outro exemplo da discriminación á que o Goberno do Partido Popular somete á provincia de Ourense é a escasa porcentaxe de investimento que recibirá a Estación Intermodal ourensá: únicamente 3 millóns de euros, dos 26,16 contemplados para a creación destas infraestruturas na Comunidade. "Para xestión económica, ordenación administrativa, eficiencia enerxética ou equipamentos, cero. Atención primaria: cero, e loita contra as drogas o mesmo", lamenta Ánxeles Cuña.

A deputada de En Marea destaca tamén a falta de profesorado e as carencias con que comezou o curso escolar. Ao igual que as que padece a sanidade. Nese

eido, Cuña puxo o foco sobre as modificacións que o PP introducirá a través da Lei de Acompañamento, e que entre outras cousas suporá unha "repercusión enormemente negativa" coa nova modalidade de pediatra de área. "Resulta inaceptable que se decida algo así sin que existise interlocución directa cos profesionais neste ámbito, que se enteraron polos medios desta modificación", denuncia a deputada.

Ánxeles Cuña tamén amosou a súa preocupación pola privatización do urbanismo e das explotacións ao introducir unha modificación na Lei de Solo "que abre a porta a que unha empresa ou persoa física poida tramitar e executar expropiacións. Cousa que ata o de agora era competencia da Administración".

O BNG reclamará a recuperación de Montealegre como centro público

A deputada do BNG por Ourense, Noa Presas, participou da delegación de deputados e deputadas que visitou as instalacións dos centros de Montealegre e Montefiz. Para a nacionalista "se ben agradecemos a visita e o trato dispensado polos traballadores e traballadoras e non dubidamos o máis mínimo do seu bonfazer e compromiso, tamén é certo que puidemos comprobar de primeira man as moitas

melloras que precisan as instalacións para adaptarse ao que debe ser unha infraestrutura deste século, polo que desde o BNG comprometémonos a emendar os orzamentos de 2019 que entran esta semana na cámara en caso de que non haxa unha partida específica e suficiente".

Por outra banda Presas afirmou que "desde o BNG seguimos pensando que non existe ningunha razón que xustifique a privatización do centro de

protección de menores Montealegre despois de telo pechado seis anos e investir máis de 1,6 M de euros polo que seguiremos a reclamar que se recupere a xestión pública a comezar por este centro". Así mesmo "desde o BNG seguimos insistindo en que é preciso estabilizar unha liña de investigación coa universidade, nomeadamente o campus de Ourense, unha relación que vaia máis alá de cuestións puntuais e de prácticas".



Centro de menores Montealegre.

O PSOE reclama que se recupera a normalidade democrática en Allariz

A portavoz socialista no Concello de Allariz, Zaida Rodríguez, denuncia a perda de normalidade democrática no municipio desde a toma de posesión da nova alcaldesa. Rodríguez Camba considera que xa pasaron máis dos cen días de cortesía para coa nova rexedora e que son horas de que se convoque un pleno ordinario despois de que pasaran os tres meses preceptivos. A voceira sinala que: “Despois de termos unha conversa informal na que me comunicou a súa intención de suspender o pleno ordinario que tocaba en setembro a cambio de convocar unha xunta de portavoces e que esta aínda non se producise, consideramos que xa son horas de reclamar que se restaure a normalidade democrática que sempre imperou en Allariz”.

A voceira do PSOE resolveu enviarlle unha carta á alcaldesa, de xeito oficial e formal, na que lle reclama que se volvan

celebrar as sesións ordinarias, tal como establece a normativa, polo menos cada tres meses. “Desde que tomou posesión do cargo xa no pasado mes de xuño, non se celebrou nin un só pleno ordinario, tivemos só 3 convocatorias extraordinarias nas que, como é sabido, se restrinxe moito o dereito de fiscalización da oposición ao goberno”, sinala a portavoz. Os socialistas consideran que ao ter pasado máis de 109 días desde que a alcaldesa tomou o mando xa chegou o momento de reestablecer a periodicidade dos plenos.

Asemade, desde o grupo municipal socialista, destacan que na sesión de organización da corporación, celebrada en xuño do 2015, xa se aprobara por unanimidade a celebración de plenos ordinarios os últimos venres de mes, “en atención a propia natureza xurídica do Pleno da Corporación, órgano de expresión e debate da política

municipal e, para facilitar a súa tarefa de control dos demais órganos da corporación”.

Dereitos de participación

Porén, desde o PSOE destacan que se están incumprindo acordos internos da corporación así como a lexislación básica local, onde se recolle o dereito a formular rogos, preguntas e a presentar mocións na parte específica dedicada ao control da acción de goberno nos plenos ordinarios. “Esta parte segundo recolle a normativa municipal, ten substantividade propia e diferenciada da parte resolutiva. As regras de funcionamento da entidade local, deben garantir de forma efectiva a participación de tódolos grupos municipais na formulación de rogos, preguntas e mocións nas sesións ordinarias. Como concelleira da oposición así o fixen sempre, presentando dúas mocións e varios rogos e preguntas por escrito e “in voce” tal e como así consta nas propias actas,



Desde xuño non se celebraron plenos ordinarios no Concello de Allariz.

por iso considero que se están tentando eliminar a parte de fiscalización e participación da oposición nos plenos”, sinala Zaida Rodríguez.

A falla de convocatoria das sesións ordinarias do pleno, supón a vulneración do dereito de participación política dos restantes concelleiros, ademais de constituír unha actuación material ou vía de feito, plenamente fiscalizable pola xurisdición contencioso-administrativa, incluso a través do procedemento especial de protección dos dereitos fundamentais. “Non queremos ter que chegar a recorrer a outras medidas nun concello no que, máis ou menos, sempre se respectaron os nosos dereitos como representantes públicos, ata o de agora, pero

non nos vai quedar outro remedio se esta situación de anormalidade democrática persiste. Estase a vulnerar o dereito que me asiste a participar nos órganos municipais con voz e voto e o dereito de control e fiscalización dos órganos de goberno. Mal empezamos se continuamos por este camiño de cercenar os dereitos de participación da oposición”, conclúe a portavoz.

Os socialistas esperan que a partir de agora, a normalidade democrática impere no Concello de Allariz e se proceda a respectar a celebración das sesións ordinarias do Pleno tal e como están preestablecidas (unha cada mes) e os dereitos fundamentais dos representantes da cidadanía.

O BNG pregunta no Parlamento polo Albergue de Ourense

N oa Presas, deputada do BNG por Ourense, volveu preguntar no Parlamento á Xunta de Galicia polo atraso na apertura do albergue. “Ourense leva anos agardando un albergue propio e público na zona vella, prometeron unha e outra vez vostede (referíndose a Nava Castro, directora de Turismo) e o alcalde Jesús Vázquez que estaría listo en 2017, imos acabar 2018 e segue pechado”.

Presas recordou que “o BNG xa preguntou en febreiro e aseguraron que estaría en verán, despois duns imprevistos. Construír en zona vella implica riscos e isto demostra que fallaron na planificación, pero é que por riba recepcionan a obra en xuño e segue pechado”.

A directora de Turismo xustificou

a demora na necesidade de asinar un novo convenio de cesión despois dun informe xurídico do Concello de Ourense. Porén “para o BNG se ese convenio está xa actualizado é impresentable que continúen sen acelerar a apertura, espero que non estean agardando a facer unha vez máis con recursos da Xunta campaña electoral”.

Para o BNG “a hemeroteca está aí e tanto o alcalde como a Xunta de Galicia aseveraron públicamente en repetidas ocasións que estaría listo en 2017, polo que ao non ser así deberían explicar as causas do novo incumprimento do PP con Ourense e informar dos prazos de apertura xa que oito meses despois da nosa pregunta seguimos con escurantismo e con desculpas”.

O BNG considera "escandalosa" a selección do interino do Programa Geoatlantic

O BNG cuestiona o proceso de elección de persoal realizada polo Concello de Ourense para cubrir un posto de interino no Programa Geoatlantic. A formación nacionalista considera que “se fixo unha praza á medida do candidato que resultou elixido”. O que “non é unha novidade”, tendo en conta casos anteriores e, en concreto, o do xefe de Persoal, Francisco Javier Rodríguez-Novoa, sostén o BG.

No caso do posto de interino do mencionado Programa Geoatlantic, o BNG di que “obtivo a maior puntuación do concurso o aspirante Raúl González Castro, a persoa que era vox populi e que entraba en todas as quinielas como candidato a gañar a praza”.

Con todo, este aspirante non posúe o título de enxeñeiro nin de técnico da área, senón que é titulado en empresas. “O que nos fai sospeitar que, como noutras ocasións, a praza foi deseñada á súa medida”, engade o BNG.

O gañador da praza, ademais, xa estivo a traballar na Cámara de Comercio e, desde un primeiro momento, segundo indica o BNG, “estivo exercendo de maneira oficiosa como tal mesmo en actos públicos de Termatalia e outras institucións ligadas á Deputación desde antes da adxudicación, claro”, engade o Bloque Nacionalista Galego. O BNG mantén que “para nós este proceso está baixo sospeita e resulta escandaloso”.

Vázquez-Monxardín, novo académico da Real Academia Galega

Afonso Vázquez-Monxardín (Ourense, 1960) ven de ser nomeado académico correspondente da Real Academia Galega, segundo informou a RAG nun comunicado. O pleno da institución votou favorablemente a proposta de incorporación do catedrático de Lingua e literatura galegas, autor de destacadas investigacións de fondos documentais relacionados con persoeiros da cultura galega -nomeadamente das gravacións de intelectuais como Otero Pedrayo- e activista cultural de referencia na súa cidade natal.

O novo académico correspondente é licenciado en Xeografía e Historia e desde 1983 é docente de Lingua e literatura galegas, profesión que exerce como catedrático no IES As Lagoas de Ourense. Os seus primeiros traballos están moi relacionados coa carreira que estudou, na que se especializou en Prehistoria e Arqueoloxía. Colaborou

co Museo Arqueolóxico de Ourense, nos xacementos de Castromao, San Cibrao de Las e A Lanzada, e tamén noutros en territorio portugués e italiano. En 1983 incorporouse á docencia de Lingua e literatura galegas pero continuou a súa relación coa historia, cursando novas especialidades e mantendo a condición de colaborador do Museo Arqueolóxico de Ourense.

Como profesor visitante de lingua e cultura galegas, Afonso Vázquez-Monxardín Fernández está moi vencellado a universidades e centros galegos de América do Sur. Tras participar a finais dos anos 70 na comisión cidadá que gravou entrevistas para a radio a Celso Emilio Ferreiro, Blanco Amor ou Xaquín Lorenzo, foi en 1991 un dos impulsores do proxecto Arquivo Sonoro de Galicia no seo do Consello da Cultura Galega, concibido para rescatar a memoria sonora de distintas sociedades da Galicia

territorial e emigrante e integrala con outros exemplos da memoria sonora culta e popular nunha fonoteca pública. Foi ademais o organizador da primeira campaña de microfilmación de prensa e rescate de publicacións no Centro Galego de Buenos Aires para o Arquivo da Emigración.

A tradución é outro dos campos que ten cultivado o profesor. En 1985 participou na creación da Asociación Galega de Tradutores e verteu ao galego durante dous anos a serie "Magnum" para a súa emisión na TVG.

Polo seu labor como articulista mereceu o Premio de Xornalismo Literario Carlos Casares (2017) e o Premio Aurelio Carracedo de Xornalismo (2009). Como creador literario tamén colleitou o Premio Ourense de Contos para a Mocidade (1987) e foi finalista no Premio de Narraciones Breves Antonio Machado (1989).



Afonso Vázquez-Monxardín.

Roteiros literarios, guías didácticas de escritores ou guións de vídeos son outras das achegas realizadas por Afonso Vázquez-Monxardín en relación coa realidade cultural ourensá e do conxunto de Galicia. Desde hai un ano é secretario da Fundación Otero Pedrayo, onde organizou recentemente a terceira edición do Abril Oteriano.

Pontevedra, Murcia e Logroño levan os primeiros premios no XXII Certame de fotos Viña do Campo

Adegas Docampo entregou os premios do XXII "Certame de Fotografía Viña do Campo" na cafetería Le Bon Vivant (Parque de San Lázaro, 11), onde permacerán expostos os mellores traballos ata o 30 de novembro.

Na devandita exposición, integrada por quince fotos, participan as seguintes obras: "A Padroeira", primeiro premio, de Beatriz Cabanelas González (Pontevedra); "Yoduro de prata", segundo premio, de Cosme Muñoz Ortega (Yecla-Murcia) e "Sen formación", terceiro premio, de Angel Benito Zapata (Logroño).

Ademais forman parte desta mostra as fotos finalistas: Sen título, de Eleazar Veleto Pérez (Alcobendas-Madrid); Sen título de Carlos Giménez Pradas (Zaragoza); Sen título de Antonio José Gómez Rodríguez (Ourense); "Acompañame" de Pablo



Gerónimo Docampo entregando o primeiro e segundo premio.

Pérez Ferreiro (Urretxu-Guipúscoa); "O xogo das canicas" de David Martín Pardo (Cantalpino-Salamanca); "Uvas" de Agustín Gurruchaga Garagarza (Bergara-Guipúscoa); "Xogo de sombras" de Kristin Pineda (Coria del Río-Sevilla); "Mikelo" de Miguel Caverio Carazo (Or-

dizia-Guipúscoa); "Convivencia I" de Francisco José Fernández Hernanz (Madrid); "Choiva" de Fernando Curral Ortuño (Cinqueiro-A Rioxa); "Totem" de Rubén Vilanova Romeu (Ourense) e "Extraendo os soños" de Juan Miguel Ortuño Martínez (Yecla-Murcia).

Francisca García presentou o seu libro Tankas habitados

Na cafetería El Cercano presentouse o libro "Tankas habitados", de Francisca García Yáñez. O público tivo a ocasión de escoitar recitar os tankas en español ao poeta Carlos Barral e en xaponés, idioma orixinal, a Masakazu Shida, que se acompañaron á guitarra de Ana García Betrán.

A autora do libro, Francisca García Yáñez (Madrid, 1962) é doutora en Filoloxía Hispánica pola UCM na especialidade de Arte e Literatura. Escritora, docente e investigadora, colaborou como documentalista de imaxes e asesora lingüística en varias editoriais. No campo da literatura e da arte publicou entre outros libros unha edición anotada do Libro de Bo Amor, un Repertorio iconográfico de escritores románticos españois e o percorrido urbano Tres itinerarios pola

cidade de Madrid.

Como investigadora e relatora levou a cabo desde o ano 1985 estudos sobre a relación entre a imaxe plástica e a literaria. Cando escribe, explora a esencia humana desde unha perspectiva visual. A disciplina teatral tamén significou para ela un indispensable aliciente na vida.

O seu coñecemento do mundo oriental levouna a colaborar cos seus haikus en tres exposicións de pintura na Coruña coas artistas Ana Adoitar Fernández e Yano Yoro. Neles indaga no estado de ánimo de emotivos e vitais retratos de mulleres nipoas onde reina a contemplación, a quietude e a esencia. Na actualidade reside na Coruña e alterna a docencia co estudo das relacións entre imaxe e texto desde un enfoque literario, pictórico e fotográfico.

Ribeira Sacra realizou a primeira vendima nocturna



Vendimadores de Adega Vella logo de rematar o traballo.

A denominación de orixe recolleu seis millóns de quilos de variedades tintas e brancas

Tras un ano no que os viticultores da denominación de orixe Ribeira Sacra tiveron que loitar contra o mildiu e a saraiba que afectaron puntualmente a algunhas adegas, os traballos desta vendima 2018, que se iniciaron o pasado 11 de setembro, víronse favorecidos por unhas excelentes condicións meteorolóxicas que contribuíron ao estado óptimo da uva e á fixación da súa acidez.

Foron un total de 39 días de intensa actividade nos viñedos e nas adegas onde os viticultores afanábanse na recollida e o transporte das uvas. A vendima da Ribeira Sacra converteuse, de feito, nun verdadeiro motor económico que xera miles de empregos directos e indirectos contribuíndo a un desenvolvemento sustentable do territorio. Calcúlase que xerou preto de 3.000 empregos di-

rectos e producido uns tres millóns de euros en salarios.

Este ano tivo lugar a primeira vendima nocturna en Ribeira Sacra da man de dúas adegas pertencentes á denominación de orixe: Don Cosme e Leira Cuarta. Lonxe de ser unha excentricidade vangardista, a elección da noite para vendimiar está xustificada desde o punto de vista enolóxico. A parcela a vendimiar iluminouse cunha luz específica durante os días anteriores de modo que as vides non deixasen de realizar a fotosíntese durante a noite e que a sava fluíse ata as puntas superiores das vides levando ás uvas os mellores minerais da terra de forma natural. Ademais disto, as temperaturas baixas da noite, favorecen que a uva chegue á adega a unha temperatura baixa, tamén de forma natural, de forma que se potencien valorar aromáticos da variedade godello. En definitivas contas, a experiencia é outro exemplo máis

de como na Ribeira Sacra se aúnan tradición e vangarda para mellorar a calidade dos nosos viños.

93 adegas

Nesta campaña elaborarán viño baixo o amparo da denominación de orixe 93 adegas e cumpríronse as expectativas que barallaba o Consello Regulador ao comezo da campaña en canto a calidade e cantidade.

Os datos oficiais de recollida a data 19 de outubro, finalizada xa a recollida de uva no territorio da D.O. é: total de quilogramos recollidos: 6.170.995. Por variedades: Variedades tintas: Mencía: 5.207.735 quilogramos. Brancellao: 42.912. Merenzao: 48.946. Caiño: 28.899. Garnacha: 282.751. Mouratón: 6.231. Sousón: 84.906. Tempranillo: 50.945. Variedades brancas: Albariño: 74.246 quilogramos. Doa Branca: 3.936. Godello: 303.009. Loureira: 2.543. Torrontés: 2.835. Treixadura: 31.101.

Xantar foi convidado especial na presentación das Fins de semana Gastronómicas de Portugal



Portugal será país invitado en Xantar 2019.

Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, participou como convidado especial na presentación da 11ª edición das Fins de semana Gastronómicas organizadas pola Entidade de Turismo Porto e Norte, o principal socio estratéxico de Expourense en Portugal.

Este acto tivo lugar en Esposende e contou coa presenza do vicepresidente de Turismo Porto e Norte, Jorge Magalhaes; do vereador de Turismo de Esposende, Sérgio Man; do coordinador das Fins de semana, Agostinho Peixoto e do director de Xantar, Alejandro Rubín. Este último lembrou que Portugal será o país convidado na próxima edición como mostra de agradecemento a este país que estivo presente no evento desde o principio e que cada ano aumenta o seu nivel de participación.

A presentación desta campaña de dinamización da gastronomía e os viños de Porto e Norte contou coa participación de máis dun centenar de persoas entre as que se atopaban alcaldes e representantes de cámaras municipais que son expositores habituais de Xantar, que celebrará a súa 20ª edición en Expourense entre o 6 e o 10

de febreiro de 2019.

Este é o caso de municipios como Esposende, anfitrión desta presentación, Braga, Ponte de Lima, Montalegre, Vila Real, Ponte da Barca, Felgueiras e Alijó, entre outros. Tamén participaron representantes de confrarías gastronómicas e enófilas que cada ano teñen en Xantar o seu punto de encontro. Asistiron representantes da Cebola de Maia ou a do Sarrabulho de Ponte de Lima.

Durante este evento quedou patente un ano máis a aposta que Porto e Norte realiza por Xantar como plataforma internacional de promoción da súa gastronomía e os seus viños. Os XI Fins de semana Gastronómicas celébranse desde o 2 de novembro ata o 2 de xuño de 2019. Haberá eventos nunha ou varias das 78 cámaras municipais e máis de 1.000 restaurantes e 290 adegas que se sumaron a este proxecto durante cada fin de semana comprendida neste período, excepto os días 9 e 10 de febreiro, que son as datas de Xantar. Trátase dunha deferencia dos organizadores para permitir que esa fin de semana todas as cámaras que o desexen poidan asistir e participar activamente no salón internacional.

Os soutos de castiñeiros constitúen un importante atractivo para o municipio de Riós

O Concello de Riós, está situado no sueste da provincia de Ourense, nas fronteirizas comarcas de Verín e Conso-Frieiras, nunha zona de montaña, de superficie ondulada e enmarcada por pequenas depresións fluviais entre a Serra Seca e a de Penas Libres. O seu territorio é de 112 quilómetros cadrados cunha poboación de máis de 2.000 habitantes. O municipio consta de 35 entidades de poboación que se agrupan en dez parroquias: Castrelo de Abaixo (Santa María), Castrelo de Cima (Santa María), Fumaces (Santa María), A Trepa (Santa María), O Navallo (San Vicente), Progo (San Miguel), Riós (Santa María), Rubiós (San Pedro), Flordeirei (Santa María) e Trasestrada (Santo Estevo).

É un concello montañoso con altitudes que oscilan aproximadamente entre os 700 e os 975 m sobre o nivel do mar. A máxima elevación está no punto de Fumaces. Trátase dunha zona de transición cara ao val de Monterrei. No relevo combínanse formas onduladas e depresións sucadas por numerosos ríos pouco caudalosos e moi encanados, todos pertencentes á rede fluvial que conforma o Mente, o cal no tramo final do seu percorrido fai de fronteira natural con

Portugal para, unha vez inserrido no territorio luso, desembocar no Douro.

Debido á gran cantidade de ríos, dicía González Sánchez de Ulloa, que na antigüidade os habitantes desta terra chamábanse Iteranenses. O medio ambiente está pouco alterado, abundan os bosques de frondosas, carballo, bidueiros, piñeiros e sobre todo soutos de castiñeiros que constitúen un importante atractivo para o municipio. O clima sitúase entre o oceánico e o mediterráneo nas súas variedades do interior, con invernos moi fríos e longos e veráns moi quentes e secos. A temperatura media anual é de 10° C.

Gastronomía

Ofréce a comarca unha gran variedade de produtos caracterizados todos eles pola súa excelente calidade. Tanto a carne como os embutidos logran satisfacer os máis exquisitos padais, pódese dicir o mesmo da caza e das troitas do río Mente. Produtos como o mel, as noces, tamén son unha boa mostra das excelencias desta terra. Non obstante é a castaña o máis destacado da nosa gastronomía sendo, xunto cos cogomelos, a protagonista da feira anual que se celebra o primeiro domingo de novembro.

A economía está baseada



No restaurante Bayona preparan os cogomelos con castañas.

na gandaría, na agricultura e na explotación forestal. Outra fonte de ingresos moi importante son as pequenas industrias que conviven co sector primario. Destacan pequenas empresas de construción, talleres e o sector servizos, con restaurantes, hoteis e unha residencia da terceira idade.

Actualmente a recolleita da castaña é a actividade agrícola na que recae o peso da economía de Riós. É o centro de recepción da produción deste froito dos municipios limítrofes. Dende as diferentes empresas localizadas no Concello comercialízase a castaña por diferentes países do mundo. Proba da importancia do castiñeiro e a súa rendibilidade son as numerosas plantacións que se están a realizar actualmente.

Como complemento ás cas-

tañas, os cogomelos e, concretamente, as distintas variedades de boletos, boletus edulis e boletus pinicola son outro dos produtos importantes na economía deste Concello, pois a abundancia e calidade deste produto conseguen que tamén a súa comercialización sexa un éxito, sendo demandados dende todas as cocinas dos restaurantes máis selectos. O restaurante Bayona, ubicado na área de servizo As Ferreiras (Vendas da Barreira) ten sona pola súa comida tradicional e nesta temporada polos cogomelos con castañas. O prezo do menú é de 12 euros neste bar restaurante que conta cos servizos de aparcadoiro, internet wifi e acceso para discapacitados. Acepta pago con tarxetas de crédito.

Riós na Ruta Europea da Castaña

Na actualidade, o Concello do Riós conta con diversos itinerarios de sendeirismo, entre os que cabe destacar a "Ruta Europea da Castaña", da que forman parte Italia, Francia e Portugal. Con esta iniciativa preténdese dar a coñecer diversos aspectos relacionados co produto estrela: a castaña. A "Ruta Europea da Castaña", que combina traxectos a pé, de a cabalo e en bicicleta, comeza nas proximidades da Igrexa de Santa María do Riós e remata na Igrexa de Santo Estevo de Trasestrada, ao carón do Centro de Interpretación da Castaña (antiga reitoral). Os visitantes que decidan achegarse poderán descubrir lugares marabillosos, percorrer soutos de castiñeiros con exemplares centenarios e gozar dunha paisaxe engalanada por ríos e regachos.

Camiño de Santiago

Un camiño, que forma parte do itinerario da Vía da Prata do Camiño de Santiago, pasa por este Concello ao vir de Castela, percorrendo aldeas a carón da estrada N-525: O Mente, Navallo, As Vendas da Barreira, Valfarto, A Veiguiña, Domez, Sarreaus, San Pedro de Trasevera, Miróns, e sae por Fumaces en dirección a Verín.

Seguros

Servizos Ourense

☎ 678 578 161 📞
988 044 834

www.servizosourense.es

CARNICERÍA MARIVAN

aberto los domingos

C/Faustino Santalices - esquina Pablo Picasso - Ourense
Tlf. 639 58 04 30

jba
servicios inmobiliarios

Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense
☎988 10 20 75 ☎629 83 67 48
www.inmobiliariajba.com
jba.couto@ymail.com

Orixe
PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN
988 60 70 75

📄🖨️📋📢
www.orixepublicidade.es
Rúa Francisco de Moure 20 • Ourense

Especial Riós



Centro de Interpretación da Castaña

O Centro de Interpretación da castaña, no lugar de A Igrexa, parroquia de Trasestrada, é o resultado dunha eficaz rehabilitación da antiga casa reitoral. Á beleza exterior úneselle o carácter funcional e equilibrado do seu interior,

ofrecendo múltiples posibilidades aos visitantes que se acheguen ao lugar. Tradición e modernidade son os ingredientes cos que xoga o Centro para achegarnos máis todo o referente á castaña e aos distintos aspectos do Concello de Riós.

Riós conta cunha nova captación de augas en Vendas da Barreira

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, acompañada do alcalde de Riós, Francisco Armando Veiga, supervisou os traballos executados para a construción dunha nova captación e acometida de augas ao depósito de Vendas da Barreira. Esta actuación hidráulica supuxo un orzamento de máis de 348.000 euros, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

O Concello de Riós abastececese dende o depósito xeral de Vendas da Barreira, alimentado ata agora por un bombeo de auga situado no río Mente. O alcalde solicitou á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, a execución do proxecto dado os altos custos

que supoña o anterior sistema de abastecemento, polo consumo de enerxía eléctrica e gastos de mantemento do bombeo.

Os traballos consistiron na construción dunha nova captación e as conducións necesarias, que permiten o transporte da auga por gravidade dende os nacementos dun afluente do río onde se captaba anteriormente. A nova tubaxe conducirá as augas captadas ata a caseta de bombeo e, posteriormente, ata unha arqueta de reunión, que fai as veces de depósito de cabeceira, para logo conectarse á rede xeral mediante tubaría de PVC e fundición. Dótase así ao municipio dun novo sistema de abastecemento por gravidade, aproveitando parte da infraestrutura de bombeo, que aforrará



Os técnicos dando conta da acometida de augas.

nos gastos de consumo eléctrico durante a maior parte do ano e subministrará un caudal teórico medio de 3,3 l/s, que supón ao día 285m³.

Este proxecto desenvolveuse tamén co fin de cubrir as de-

mandas actuais e futuras de auga dos veciños de Riós. Así, prevese garantir o abastecemento a unha poboación de 1.800 veciños no horizonte do ano 2038.

Segundo destacou a dele-

gada territorial, estas obras deben enmarcarse no compromiso do Goberno galego coa mellora dos servizos públicos que se presta á veciñanza, en colaboración coa Administración local.



C/ Ervedelo, 15 - ourense
988 23 44 99
698 14 82 07

VEN...
Promoción Especial
www.clubtosca.es
Sala de Fiestas Music-Hall



cerramos los domingos

Música, exposicións e magosto popular

O Concello de Riós organiza a XXIV edición da Festa da Castaña e do Cogumelo que se celebra os días 3 e 4 de novembro. O sábado ás 18,30 no salón de actos do edificio multiusos pasarase un video promocional do municipio ao que seguirán as actuacións do grupo musical "Os da Trisca", Pandereiteiras de Riós e a Coral Camerata de Ourense. As 19,30 horas comezará na Praza do Toural o magosto popular que estará composto de: castañas, chourizos, empanada, pan, bica e bebidas ao prezo de 5 euros.

O domingo día 4 ás 10,30 abranse no edificio multiusos os stands e as exposicións sobre vespa velutina e Crabro; mulleres rurais e produtos elaborados con castañas. Media hora máis tarde no recinto feiral o grupo musical Os Támea ofrecerá o pasarrúas. Ás 12 haberá recepción ás autoridades que visitarán stands e exposicións. Actuará a Banda de Gaitas do Concello de Riós. Logo, no salón de plenos do Consistorio, entregarase a "castaña de ouro" a José Luís Baltar Pumar, que foi presidente da Deputación, e a María Josefa Lombardero Díaz.

A unha da tarde no recinto feiral haberá degustación de produtos típicos, chourizo e castañas asadas e bebidas, ao prezo de 4 euros. Venderase polbo a prezos populares. A partir das dúas da tarde os restaurantes locais ofrecerán menús especiais con produtos de temporada. Desde las 17,30 horas actuará a charanga Támea no recinto feiral.



*XXIV Festa da castaña
e do cogumelo de RIÓS*
*3-4 de novembro de
2018*

ORGANIZA: COLABORAN:

 XUNTA DE GALICIA  //ABANCA

Concello de Riós  



**Restaurante
BAYONA**
Bodas Banquetes

Cada dez menús,
un de balde.

Tfno. 988 425 094
680 350 487

www.restaurantebayona.com
Estrada N 525. Quilómetro 149,8. Saída 143
VENDAS DA BARREIRA. Riós (Ourense)



Adegavella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA - Ourense.
Tfnas. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Cemento Regulador Denominación de Origen



Novas da Raia

Redacción

Veciños da Guarda e Caminha participaron nunha andaina polo Monumento natural Pena Corneira



Andainas organizadas entre a Cámara de Caminha e o Concello da Guarda entre os meses de setembro e novembro co obxectivo de coñecer a paisaxe e o patrimonio da comunidade galega e o país veciño.

O pasado 20 de outubro celebrouse a segunda saída; unha andaina duns 15 km polo Monumento Natural de Pena Corneira. A andaina foi de ascenso desde Leiro de case 500m. de desnivel. A Pena Corneira é unha gran rocha ou penedo, situada no alto do monte, como un gran miradoiro sobre a comarca do Ribeiro. O seu bosque, de gran extensión, está catalogado como espazo natural de Galicia xa que está formado por árbores autóctonos. Outros atractivos da ruta foron o

conxunto de hórreos de Paredes e as igrexas románicas de Leiro, Lebosende e Serantes.

O peche do calendario deste ano 2018 terá polas terras veciñas rosaleiras coa ruta de 18 km polos Muíños do Folón e do Picón, o vindeiro 10 de novembro. Os Muíños do Folón e do Picón son un grupo de 60 muíños en fervenza, declarados Ben de Interese Cultural ao constituír parte do rico patrimonio etnográfico, xa mencionados en documentos do século XVII. Recorrido de gran beleza con excelente panorámicas ao val do Rosal e Esteiro do Miño. Tamén se coñecerá a Capela na véspera da celebración de San Martiño e pechará o calendario de Andainas 2018.

Biblioteca disponibiliza catálogo on line



ABiblioteca Municipal de Monção disponibiliza, a partir do 22 de outubro, Día da Biblioteca Escolar, un catálogo on-line, con 42.860 libros, accesível no portal municipal www.cm-moncao.pt, posibilitando aos lectores daquele equipamento cultural acceder a um conjunto de serviços através da Internet.

Desta forma, acedendo ao catálogo online, os lectores terão a oportunidade de pesquisar os documentos existentes na biblioteca, efetuar reservas de libros, renovar os empréstimos, ou apresentar sugestões de novas adquisicións. Tudo à distância de um clique.

Podem também exportar, imprimir e gravar registos, consultar o histórico de pesquisa e de empréstimos, e gerir prefe-

rências de leitura. Operações que garantem uma maior “cumplidade” entre a biblioteca e os seus lectores, estendendo-a além do seu espazo físico.

Este novo serviço, que aprofunda o relacionamento entre a biblioteca e os seus utilizadores, integra também as seis bibliotecas escolares existentes no concelho, juntando-se a um serviço semelhante oferecido pelo Arquivo Municipal, onde também é possível consultar o acervo documental daquela estrutura.

“O catálogo online é mais um passo do Município para uma maior aproximação dos utilizadores à biblioteca municipal e escolares, disponibilizando um conjunto de serviços accesíveis em qualquer local e a qualquer hora”

CELEBRAÇÕES DOS 40 ANOS DA BIENAL INTERNACIONAL DE ARTE DE CERVEIRA

“VIACRUCIS. A PINTURA COMO INTERROGAÇÃO”
Exposição individual de Jaime Silva
27 de outubro de 2018 a 5 de janeiro de 2019

“PROCESSOS EM TRÂNSITO”
Exposição Coletiva Internacional de Livros de Artista
27 de outubro a 1 de dezembro 2018

FÓRUM CULTURAL DE CERVEIRA • bienaldecerveira.pt
terça a sexta 15h às 19h • sábados e feriados 10h às 13h; 15h às 19h

PONTO BC Fundação Municipal de Cultura de Cerveira

APRESENTADA POR CERVEIRA 1978-2018

MEMO CA Cerveira Agrícola Câmara Municipal de Cerveira

Gabriela Albergaria vai 'Desencaminharte' em Cerveira

Numa alusão às primeiras intervenções artísticas afetas às bienais de arte de Cerveira realizadas no Parque de Lazer do Castelinho, a artista Gabriela Albergaria vai criar um rasgo granítico junto à margem do rio Minho, metaforizando a ousadia de um evento que há 40 anos rasgou horizontes. Esta é uma das 10 obras que integram a 2ª edição do Desencaminharte – DES'18.

Promovido pela CIM Alto Minho, o DES'18 procura colocar a arte em diálogo com o território e com a população, potenciando a sua missão de serviço público - arte democrática, aberta e pensada à escala humana e do lugar – e, assim, transmitindo aos cidadãos a noção de pertença, partilha e espírito de comunidade rural e urbana.

Em cada um dos 10 concelhos alto-minhotos vai nascer uma instalação artística pública a funcionar como leitores de paisagem, passando a integrar um tipo de roteiro que procura atrair visitantes e expor as identidades próprias de cada local.

No caso concreto do concelho de Vila Nova de Cerveira conhecido, nacional e internacionalmente, como a 'Vila das Artes', fruto da ousadia e do exemplo de resiliência das bienais



de arte e dos seus fundadores, a artista Gabriela Albergaria inspirou-se na conjugação entre a arte e a natureza para plena contemplação e usufruição da população. No Parque de Lazer do Castelinho vai nascer uma fenda no solo, entre choupos e bétulas, emulando as marcas, na terra, das cheias do rio Minho, e transportando, para a margem, a rugosidade granítica das montanhas em volta, com as pedras que suportarão esta obra que marca a sua estreia numa peça ao ar livre.

Para o Município de Vila Nova de Cerveira, a utilização daquele parque como meio de intervenção artística, não só promove a valorização do património natural e construído com

ligação à água, como assume uma forte relação com a Comemoração do 40º aniversário da Bienal de Arte, cujas primeiras edições decorreram no Castelinho.

Os promotores do 'Desencaminharte' - o Coletivo Hodos - pretendem enxertar no território alto-minhoto novos pontos de interesse, com a assinatura de artistas reconhecidos e outros emergentes, que foram desafiados a conceber obras que, para além do seu valor intrínseco, funcionassem como leitores de paisagem.

As 10 obras do 'Desencaminharte'18 serão inauguradas à medida que forem instaladas, até 15 de dezembro. O evento culminará com a edição de um catálogo já em 2019.

IX Simpósio Ibérico sobre a Bacia Hidrográfica do Rio Minho


Vila Nova de Cerveira acolhe, nos dias 9 e 10 de novembro, o IX Simpósio Ibérico sobre a Bacia Hidrográfica do Rio Minho. Encontro bienal visa a divulgação de projetos em curso ou já concluídos, para além do debate em torno da gestão dos recursos naturais e preservação da biodiversidade associada ao rio Minho.

Dinamizada pelo Aquamuseu do Rio Minho, através da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, em coorganização com o Centro Interdisciplinar de Investigação Marinha e Ambiental (CIIMAR) – U. Porto, esta 9ª edição versa temáticas multidisciplinares na área de intervenção da bacia hidrográfica do rio Minho, nomeadamente Ecologia, Educação Ambiental, Exploração de Recursos, Legislação e Turismo.

Desde a sua abertura ao público em 2005, o Aquamuseu tem vindo a desenvolver um trabalho de divulgação do património natural e etnográfico associado à pesca artesanal do rio Minho. Para além das parcerias com instituições portuguesas e galegas, nomeadamente Universidades e Centros de Investigação, o Aquamuseu tem por missão divulgar a informação científica, dando a conhecer ao público em geral, a estudantes, a professores, a investigadores, a pescadores, às autoridades locais, entre outras, o ponto de situação de investigações e estudos realizados na bacia hidrográfica do rio Minho.

Município envolve jovens em projeto europeu de cidadania

Com o intuito de trocar experiências e partilhar problemas comuns em torno da crise económica e do euroceticismo, dois jovens cerveirenses estiveram em Itália, entre 12 e 16 deste mês, para participar num encontro de definição de políticas da União Europeia com destaque para o envolvimento social, intercultural e de voluntariado. Oportunidade surgiu pela parceria da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira no projeto STRinGS.



María Xesús Díaz expón en Vigo

Tentación sonora, a nova colección pictórica da artista coruñesa María Xesús Díaz poderá contemplarse por vez primeira durante o mes de novembro en Vigo, na sede Afundación (Policarpo Sanz 24-26, sala de exposicións I).

A inauguración terá lugar o día 2 ás 20:00h e permanecerá aberta ata o día 29.

Aínda que non é a primeira vez que María Xesús Díaz expón na cidade olívica, sí que é a primeira vez que elixe a cidade para mostrar en primicia unha nova colección.

“Nos meus cadros expreso a liberdade de interpretar a transformación do que puidera ser real. E abordo escenarios imaxinados que rematen en sentimentos reconfortantes. A miña obra caracterízase por o xogo da mancha e da cor a través da espátula. A técnica que empregue nesta nova exposición é óleo sobre lenzo e sobre táboa, traballando sempre, como xa apuntei, coa es-

pátula, e parto de dunha referencia musical para fusionar sons e artes plásticas. A pintura é a miña vida e forma parte dela. Síntome plena cando creo” – di María Xesús.

En Tentación sonora, citando literalmente al licenciado en Historia de Arte, ensaísta e crítico, Carlos. L. Bernárdez, a artista “desenvolve na súa obra un diálogo plástico-musical que a leva á creación de obras que ligan intimamente ambos os mundos (...) Neste caso a tentación funciona como auténtico xogo de vasos comunicantes entre o musical e o pictórico (...) O traballo de María Xesús Díaz ofrécenos, pois, un punto de vista singular, ben afastado da rixidez de moitas receitas pictóricas, cheo de sutileza, de referencias e matices que alargan a comprensión de dous modos de expresión”

Trátase dunha exposición moi coidada e traballada, que chega nun momento de madurez artística que aporta no-

vidades importantes á súa obra. Unha mostra moi esperada que agarda ter boa acollida.

Curriculum

María Xesús Díaz chega moi nova ao mundo do debuxo e da pintura por unha temperá vocación artística. Cursa estudos na “Escola das Artes” de A Coruña a súa cidade natal e durante anos complementa a súa formación co ensino. En 1987 expón por vez primeira en Madrid, na “I Mostra de Unión Fenosa de Arte Contemporánea”, e mais no Concello da Coruña.

Despois dunha primeira toma de contacto co espectador alleo, a creación e a procura dun estilo propio ocupan o seu tempo durante anos. É na década dos noventa cando xa encontramos unha produción definitiva da artista, caracterizada por unha marcada tendencia naïf e por cores moi vivas. Durante estes anos expón en diversas salas da cidade e dos seus arredores: no Hércules



María Xesús Díaz, pintora galega.

Coruñés, na Asociación de Artistas e no Liceo de Betanzos.

Deseguido a súa obra comeza a percorrer o resto da xeografía galega, e o estilo naïf deixa camiño a paisaxes dun impresionismo crecente, no cal se debe salientar o alargamento do trazo e a aparición de novas tonalidades, azuis e verdes. Expón, entre outros lugares, na Xunta de Galicia, en Lugo e en diferentes puntos de Pontevedra.

Co novo século chega a plenitude da artista, que xa atravesará fronteiras. A cor prevalece sobre o debuxo, a paleta con-

vértese na ferramenta esencial e os escenarios imaxinados cheos de misterio soidade e calma adquiren moita forza, desembocando sempre en sentimentos reconfortantes. Acercarse a súa pintura é acercarse o seu interior.

A obra da pintora visita diferentes cidades, dentro e fóra do Estado español, e está repartida en distintas coleccións públicas e privadas.

Actualmente segue a traballar no seu estudo da Coruña en novos proxectos, sempre crecendo no ámbito artístico e persoal.

Rematan os traballos de escavación das Salinas romanas da Guarda

O Concello da Guarda informa que remataron os traballos previstos no proxecto “A Guarda, Mar de Sal” de escavación das Salinas do Seixal e, seguindo indicacións da Dirección Xeral de Patrimonio, procedeuse á cubrición do xacemento con fibra xeotéxtil para evitar o seu deterioro. Próximamente, unha vez que arqueólogos e restauradores valoren e decidan o xeito máis axeitado de intervención, procederáse á súa restauración e consolidación definitiva.

O proxecto Mar de Sal ten un carácter bianual polo que no 2019 se levarán adiante outras iniciativas como a mu-

sealización do xacemento e se publicarán os resultados das investigacións iniciadas.

Dende o Concello da Guarda queremos agradecer a dedicación e entusiasmo mostrado polo numeroso equipo de arqueólogos e alumnos en prácticas de diversas universidades de Coimbra, Vigo e Santiago que fixeron posible que, nun curto espazo de tempo, A Guarda poda coñecer un pouco mellor o seu pasado romano.

«A Guarda, Mar de Sal» é un proxecto de recuperación e posta en valor das salinas da zona do Seixal e Camposancos, na fachada atlántica sur do termo municipal da Guarda e,

que se levará a cabo en dúas anualidades ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativo EDLP GALP7-066 aprobadas polos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014-2020, baixo a coordinación científica de D. Brais Currás.

O obxectivo do proxecto é o desenvolvemento económico local a partir da posta en valor das paisaxes do sal da Guarda como ben patrimonial concibido como ferramenta para a promoción dun turismo sustentable e de calidade, pero tamén como



un medio cultural para o reforzo da identidade mariñeira e a cohesión social das comunidades ligadas ao mar.

O proxecto «Mar de Sal» fundaméntase na necesidade de sustentar o desenvolvemento patrimonial sobre un sólido respaldo científico. O

estudo rigoroso das paisaxes do sal e a súa posta en valor permitirán crear un recurso patrimonial posto ao servizo da cidadanía.

O importe subvencionado por parte da Consellería do Mar é de 74,496,68€, repartidos en dúas anualidades (2018 e 2019).